


INFORME BÁSICO

Deseño e posta en marcha do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural



INFORME BÁSICO

Diseño e posta en marcha do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural



DENOMINACIÓN DO PROXECTO

**Informe básico
para o deseño e posta en marcha do
Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural**

EXPEDIENTE

SA 2023-0006

CLIENTE

**Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.
Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.
Xunta de Galicia**

REDACCIÓN

TRIVIUM estratexias en cultura e turismo s.l.

CIF: B70133467
Rúa do Hórreo 19. Galerías Vía Cambre, Local 50
15702. Santiago de Compostela
TLF: (+34) 981 25 16 54 | info@trivium.gal

COORDINACIÓN

Luís Valle Regueiro

REDACCIÓN

**César Abella Vázquez
Leonardo González Pérez
Luís Valle Regueiro**

1	Introdución	7
2	Análise de casos e boas prácticas institucionais no contexto nacional e internacional	9
	2.1. Observatorios culturais en España	14
	2.2. Observatorios culturais en Europa	37
	2.3. Observatorios culturais no resto do mundo	46
3	Marco normativo e un contexto de intervención	65
4	Misión, obxectivos e funcións	69
5	Organigrama básico	81
6	Proposta de organización interna	89
7	Liñas temáticas para a produción científica	97
8	Recomendacións de acceso público	109
9	Proposta de logo	115
10	Bibliografía e webgrafía	117
11	Equipo adscrito á realización do informe	121

Introdución. O compás e a áncora

1

Escribía o sociólogo Manuel Castells nun artigo¹ publicado hai máis de 25 anos que a globalización, coa súa lóxica e dinámicas de crecente complexidade, tiña chegado para quedarse e que, para afrontar o que el cualificaba como “navegación ineludible e potencialmente creadora”, era preciso contar cun compás e unha áncora. O compás: a educación, a información e o coñecemento, no ámbito individual e colectivo. A áncora: as nosas identidades. “Saber quen somos e de onde vimos, para non perdernos a onde vamos”, en palabras deste.

Pois ben, as verbas de Castells foron premonitorias. Nunca antes a dupla información/coñecemento se tivo erixido como dínamo principal do desenvolvemento político, social, cultural e económico do conxunto da humanidade²; e, paradoxicamente, nunca antes no período contemporáneo, esa racionalidade estivo tan cuestionada e ameazada polo incremento de información de baixa calidade, a fragmentación do coñecemento e a produción científica, a desinformación e o propio irracionalismo acrítico. Ante isto, as administracións deben actuar dun xeito decidido, fomentando un desenvolvemento sustentable de carácter racional, prospectivo, anovador e corresponsable, que recoñeza, ao tempo, a independencia e interdependencia de todos os actores e institucións.

O sentido dos observatorios culturais e patrimoniais xustifícase ante o papel central asumido pola información e o cambio de paradigma do coñecemento na sociedade actual.³ En xeral, a praxe política precisa de datos, estatísticas e indicadores fiables e sofisticados que permitan a avaliación de logros, a detección de eivas e o establecemento dunha relación dinámica de retos pendentes; necesítase, por tanto, medir e estudar a realidade para poder avaliar e deseñar dun xeito preciso e operativo as políticas, programas e proxectos, neste caso, no subsector do Patrimonio Cultural de Galicia.

A sociedade do coñecemento ten como clave de bóveda a xestión eficaz da información para propiciar a súa correspondente conversión e transmisión en forma de coñecemento. Pero, ademais, as nosas sociedades son colectividades organizativas que precisan pola súa crecente complexidade actuar en rede; proporcionando unha homoxénea acumulación, transferencia e intercambio de

¹ Cfr. Manuel Castells, “La insidiosa globalización”, *El País*, 28 de xullo de 1997. Cit. en Martinell-Sempere, 2022, p. 314.

² Cfr. Ortega Nuere, 2010, p. 27.

³ Cfr. Ortega Nuere, 2010, p. 27.

información e coñecemento.⁴ A proposta de traballo en rede ten como principio operativo que a información e os contactos deben ser polo menos parcialmente compartidos⁵ para lograr respostas axeitadas e rápidas a través do fomento dun ecosistema de innovación aberta.

Este “Informe básico para o deseño e posta en marcha do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia”, ofrecerá á Dirección Xeral do Patrimonio Cultural unha folla de ruta do futuro ente, na que se definan os marcos conceptuais básicos do eido de intervención; se concreten as metodoloxías disciplinares; se definan a estrutura e os perfís dos equipos adscritos; e se especifiquen os resultados agardados, para pór en marcha, funcional e materialmente, esta unidade dependente da Consellería de Cultura da Xunta de Galicia e centrada en coñecer as iniciativas de carácter público e privado que abordan o patrimonio material e inmaterial de xeito innovador.

⁴ Cfr. UNESCO, 2005. Cit. en Ortega Nuere, 2010, p. 27.

⁵ Cfr. Staines, 1996. Cit. en Ortega Nuere, 2010, p. 28.

Análise de casos e boas prácticas institucionais no contexto nacional e internacional

2

Entre os institutos de Patrimonio Cultural ou Histórico dependentes das administracións con competencias en Cultura en España (Estado ou CC.AA.) os **referentes máis destacados** son, en primeiro lugar, o **Instituto de Patrimonio Cultural de España** (creado en 1985) e, en segundo lugar, no caso autonómico, o **Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico** (instituído no 1989). Cómpre sinalar que, aínda que hai outros centros de relevancia no eido patrimonial noutras comunidades, ningún ten chegado ao desenvolvemento do andaluz.⁶

Pola súa relevancia e interese para conceptuar a proposta do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural, ofrécese nestes caso información pormenorizada dos mesmos.

Para empezar, o **Instituto do Patrimonio Cultural de España (IPCE)** é unha Subdirección Xeral adscrita á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Belas Artes do Ministerio de Cultura e Deporte. O seu cometido céntrase na investigación, a conservación e a restauración dos bens que conforman o Patrimonio Cultural estatal.

Esta tarefa, que emana do compromiso social, de carácter constitucional, da Administración Xeral do Estado, xunto co resto das Administracións Públicas, para a preservación e o enriquecemento do Patrimonio Cultural, é abordada dende unha perspectiva multidisciplinar, a través do traballo de arquitectos, arqueólogos, historiadores da arte, etnógrafos, restauradores, físicos, xeólogos, químicos, biólogos, documentalistas, informáticos, bibliotecarios, arquivistas ou conservadores, entre outros perfiles humanísticos e tecnocientíficos.


As funcións do instituto están regulamentadas polo Real Decreto 509/2020, de 5 de maio polo que se desenvolve a estrutura orgánica básica do Ministerio de Cultura e Deporte e outórgalle ao IPCE as seguintes:

- A conservación preventiva e restauración dos bens que formen parte do patrimonio histórico español adscrito ao Ministerio.
- O desenvolvemento de programas, plans e informes en materia de investigación, formación, conservación de bens culturais e difusión de métodos, técnicas, procedementos e criterios en materia de conservación preventiva e restauración de bens culturais.
- A proposta e elevación ao Consello de Patrimonio Histórico dos Plans Nacionais de Información sobre o Patrimonio Histórico Español e a xestión e difusión dos mesmos.

⁶ Cfr. Querol Fernández, 2020, p. 441.

- A elaboración e execución de plans de conservación e restauración de bens mobles e inmoables e fondos documentais e bibliográficos do patrimonio histórico.
- O arquivo e sistematización dos traballos realizados e da documentación dispoñible sobre o patrimonio histórico. Investigación e estudo sobre criterios, métodos e técnicas para a súa conservación e restauración; a formación de técnicos e especialistas en conservación e restauración dos inmoables e mobiliario que integran o dito patrimonio.
- A coordinación e o establecemento de redes de investigación nacionais e internacionais en materia de xestión integrada e restauración de bens culturais.

Estas funcións desenvólvense á súa vez a través de catro grandes eixos de traballo:



Ao mesmo tempo, os diferentes eixos de traballo concrétanse a nivel operativo en cinco áreas que forman a estrutura interna do IPCE e que de maneira nominal son as seguintes:

Área de intervención en bens mobles

As súas funcións principais son o estudo e investigación de bens culturais mobles; a conservación e restauración de bens culturais mobles; o asesoramento en proxectos de intervención en bens culturais mobles remitidos polas comunidades autónomas e outras institucións públicas ou privadas; o deseño e xestión do Proxecto COREMANS; a organización de xornadas técnicas, congresos e cursos relacionados coa conservación e posta en valor do Patrimonio Histórico Moble; a elaboración de documentos sobre criterios de intervención en bens culturais mobles, metodoloxía e protocolos de actuación; o préstamo e informes por correo de exposicións desenvolvidas por institucións estatais.

Área de intervención en bens inmobles

As súas funcións son o estudo e investigación de bens culturais inmobles; a conservación e restauración de bens culturais inmobles; o asesoramento en proxectos de intervención en bens de bens culturais remitidos por comunidades autónomas e outras institucións públicas ou privadas; as memorias técnicas de proxectos que soliciten financiamento cultural do 1,5%; a investigación e execución de proxectos de etnografía e patrimonio cultural inmaterial; a xestión do Programa de Axudas a Proxectos Arqueolóxicos no Exterior do Ministerio de Cultura; a xestión do Programa de Axudas a Proxectos de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial; a elaboración de traballos de topografía monumental, fotogrametría e delineación; a organización de xornadas técnicas, congresos e cursos relacionados coa conservación e posta en valor do Patrimonio Histórico Español; elaboración de documentos sobre criterios de intervención en bens culturais, metodoloxía e protocolos de actuación.

Área de investigación e formación

As súas funcións relaciónanse co desenvolvemento, aplicación e investigación das ciencias experimentais na conservación do Patrimonio Histórico. Conta con varias liñas de traballo específico que son o asesoramento na selección de métodos e preparación dos materiais empregados no tratamento dos bens culturais; o asesoramento en proxectos de intervención en bens culturais remitidos polas comunidades autónomas e outras institucións públicas ou privadas; a selección da metodoloxía e técnicas de análise; tomas de mostras; realización de análises; estudo de materiais orixinais e engadidos aos bens culturais; o deseño e xestión do Programa de Formación do IPCE e da Escola de Patrimonio Histórico de Nájera.

Área de documentación e difusión

As súas funcións son a posta en valor da documentación e información dispoñible sobre Patrimonio Histórico no Arquivo, Biblioteca e Fototeca do IPCE; a coordinación e centralización da información derivada do traballo desenvolvido polo Instituto; a atención ás solicitudes de información do IPCE, por parte da Consellería de Cultura e Deportes e outros organismos, así como a difusión do traballo xerado no centro; a comunicación co cidadán; a xestión das publicacións; a organización de exposicións e presenza do IPCE en feiras de conservación e restauración; xestión do Premio Nacional de Restauración e Conservación.

Área de réxime interior

Cuxas funcións son a xestión dos recursos humanos e económicos do IPCE; a tramitación de convenios e subvencións e as tarefas relacionadas coa prevención de riscos laborais.

Nos últimos anos, foron cobrando especial relevancia os proxectos vinculados á formación e á difusión. Respecto da formación o instituto organiza diversas xornadas, congresos e cursos prácticos tanto na súa sede de Madrid como na Escola de Patrimonio Histórico de Nájera. Dende 2019 ven realizando tamén diferentes seminarios en liña a través dunha canle de Youtube.

Do mesmo xeito, a difusión do patrimonio cultural volveuse un dos piares do IPCE, cun servizo específico dedicado a esta tarefa. Neste ámbito teñen un papel esencial as redes sociais (Facebook, Instagram, Twitter) para a divulgación entre a cidadanía do traballo realizado na institución, das actividades desenvolvidas e a publicación de novas relacionadas co patrimonio cultural.

Nesta mesma área existe ademais un programa de visitas guiadas ás instalacións da sede madrileña do Instituto orientadas tanto a público xeral como a grupos profesionais e estudantes, a través das que se pode coñecer a actividade do IPCE facendo un percorrido polas súas diferentes áreas de traballo.

Edítanse tamén dúas revistas periódicas orientadas a un perfil de público especializado e profesional que son [*Patrimonio cultural de España*](#) e [*Informes e traballos*](#), que se poden descargar dende a páxina web do instituto.

Entre os proxectos punteiros do IPCE destaca o denominado Proxecto [*COREMANS*](#), que naceu en 2012 como un esforzo colectivo do Instituto do Patrimonio Cultural de España xunto con outros institutos integrados na Rede Técnica de Institutos de Patrimonio e Centros de Conservación de España. Esta iniciativa ten como obxectivo principal a actualización e renovación dos criterios e métodos de intervención sobre os bens culturais e nesta liña ten publicado monografías sobre os *Criterios de intervención en materiais pétreos* (2013); *Criterios de intervención en materiales metálicos* (2015) ou *Criterios de intervención en biopatrimonio* (2021).

O outro gran referente do estado español é o [**Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico \(IAPH\)**](#). Unha entidade científica, dependente da Consellaría de Cultura e Deporte da Junta de Andalucía, dedicada ao patrimonio cultural dende 1989. Trátase dunha axencia pública que integra todas as disciplinas do patrimonio cultural: investigación do patrimonio histórico, documentación, conservación de bens culturais, restauración do patrimonio histórico, difusión e formación en patrimonio, entre outras.

O seu rexistro oficial como axente do Sistema Andaluz do Coñecemento, na clasificación concreta de Instituto de Investigación, reconece o papel fundamental do IAPH na produción científica e o seu labor de transferencia cara ó tecido produtivo andaluz e a sociedade no seu conxunto.

O labor do instituto realízase dende unha óptica interdisciplinaria grazas a un equipo de máis de 100 profesionais dos cales preto do 80% son titulados superiores e un 15% doutores.

Dende o punto de vista da **produción científica** o IAPH está presente nas redes nacionais e internacionais pola súa dedicación ao avance teórico, á innovación tecnolóxica e polo seu compromiso cos patrimonios emerxentes, como as paisaxes culturais, o patrimonio industrial, o contemporáneo ou a arqueoloxía subacuática. Entre os proxectos de I+D+i máis destacados que actualmente desenvolve están [*INPACTO*](#), Infraestrutura de xestión de datos de Patrimonio Contemporáneo); [*PITGuadiana*](#), Patrimonio Industrial Transfronteirizo na eurocidade do Guadiana; documentación e desenvolvemento de estratexias para un turismo sostible; [*Rexistro e documentación de paisaxes culturais*](#).

No eido da **documentación** o IAPH constitúe un referente gracias ao desenvolvemento de varios proxectos punteiros como a [*Guía Dixital do Patrimonio Cultural de Andalucía*](#); o [*Repositorio de Activos Dixitais do IAPH*](#); o [*Modelo Andaluz de Predición Arqueolóxica \(MAPA\)*](#); a [*Rede de Axentes*](#)

Informantes do Patrimonio Cultural; ou o Proxecto PES-PCI: Guía metodolóxica para o deseño de Plans Especiais de Salvagarda do Patrimonio Cultural Inmaterial.

O seu **traballo de difusión** tamén constitúe un dos piares do instituto. Por unha banda, a través de diferentes publicacións como o antigo *Boletín del IAPH*, hoxe denominado *Revista PH*, así como as sucesivas series de “Cuadernos” e diversas monografías que están accesibles ao público e son directamente descargables dende a súa páxina web.

Por outra banda, orientado a diversos perfís de público, destaca o seu variado programa de visitas onde podemos atopar as visitas xerais (público xeral e estudantes); as visitas técnicas (profesionais e estudantes vinculados ao PC); as visitas históricas á sede do IAPH en Sevilla, as estancias de formación e investigación e as visitas a obras restauradas nos talleres do instituto.

Dentro das visitas divulgativas e formativas, ten un peso específico o programa escolar *Vivir e sentir o patrimonio*, que se realiza en colaboración coa Fundación Descubre, onde se integra un concurso anual e de ámbito autonómico sobre boas prácticas en patrimonio cultural.

Precisamente co obxectivo de difundir as boas prácticas sobre o patrimonio cultural, dende 2018 véñse realizando os denominados *Encontros: Patrimonio de Proximidade. Reactívale*. Esta iniciativa está destinada a visibilizar as iniciativas e comunidades de axentes implicadas na activación do patrimonio cultural dende o local, para reflexionar, crear redes, compartir coñecementos e experiencias.

Por último, outro dos eidos de traballo do IAPH é a **formación** onde desenvolven iniciativas como o Mestrado en Arquitectura e Patrimonio Histórico MARPH: os cursos MOOC⁷ de patrimonio ou o Diploma de Especialización Interpretación do Patrimonio Cultural e Natural – DIPA.

⁷ Cursos en liña masivos, abertos e gratuítos.

2.1. | Observatorios culturais en España



Mapa dos observatorios culturais españois
analizados no informe

Nome e ligazón	Observatorio de Museos de España (OME)	
Ámbito territorial	España	
Temática	Museos	
Interese	★★	

Dependente do Ministerio de Cultura y Deporte, o Observatorio de Museos de España nace no 2016 como un proxecto da Subdirección Xeral de Museos Estatais, dentro do Plan Estratéxico 2012-2015 da Secretaría de Estado de Cultura. O principal obxectivo do Observatorio é ser unha ferramenta de colaboración entre administracións públicas e institucións, que permita un coñecemento panorámico e global da situación e necesidades dos museos de España.

Para levar a cabo esta tarefa, o OME recompila e produce estudos e informes que buscan afondar no coñecemento dos museos e facilitar o desenvolvemento da súa actividade. Pero ademais, afronta esta tarefa dende a corresponsabilidade e o traballo cooperativo, de forma que tece redes entre institucións e administracións, contribuíndo a fortalecer o sector a través do traballo en obxectivos de interese común.

Algúns dos informes máis recentes deste observatorio son [Os museos españois ante a pandemia de COVID-19 \(2020\)](#); [Museos na lexislación española: definicións e conceptos básicos](#) (abril de 2021); [Observatorio de Museos de España: Consulta a expertos](#) (2015).

Nome e ligazón	Observatorio ICOMOS do Patrimonio	
Ámbito territorial	España	
Temática	Patrimonio Cultural	
Interese	★★★	

O Observatorio ICOMOS do Patrimonio foi creado en 2020 para funcionar como espazo de recollida, análise e difusión de información sobre o estado, xestión e protección do patrimonio cultural. Trátase dun proxecto colaborativo como marco para a participación e debate entre os membros do ICOMOS, ademais de actor didáctico, de axuda e apoio para a mellora da conservación do patrimonio español. En definitiva é un instrumento focalizado a identificar boas prácticas e detectar casos nos que se poidan poñer en perigo os bens culturais.

O Observatorio está orientado á recolleita de información e avaliación do estado do patrimonio cultural, material e inmaterial. Para iso, organízase nas seguintes áreas temáticas: monumentos, conxuntos, lugares arqueolóxicos, paisaxes culturais, itinerarios culturais, paraxes naturais, reservas da Biosfera e xeoparques, patrimonio cultural inmaterial.

Na súa fase inicial, o Observatorio céntrase nos bens inscritos na Lista do Patrimonio Mundial e na Lista Representativa do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade.

Para garantir a recollida de información experta, obxectiva, independente e de calidade, só son membros do Observatorio e informantes os membros de ICOMOS España, que se poden dar de alta a través dun formulario en liña.

Nome e ligazón	Observatorio para a Investigación en Conservación	
Ámbito territorial	España	
Temática	Restauración e conservación	
Interese	★★	

O Observatorio para a Investigación en Conservación é unha entidade financiada polo Ministerio de Cultura e Deporte e o Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Constitúe unha das liñas de actuación do Plan Nacional de Investigación en Conservación (PNIC), cuxos principais obxectivos son fomentar a participación conxunta de investigadores en proxectos dos plans nacionais e europeos e promover a transferencia de coñecemento e resultados de investigación entre institucións, investigadores, empresas e sociedade.

Para acadar estas metas o Observatorio pon a disposición da comunidade científica e os profesionais da conservación información actualizada sobre convocatorias, eventos e enlaces a diferentes recursos a través do seu portal web, as súas redes sociais e un boletín.

Ademais esta institución recolle información sobre as [liñas de investigación](#) e a [oferta tecnolóxica](#) dos grupos de investigación, empresas e institucións a través de dúas bases de datos no apartado dedicado á investigación. Todos aqueles grupos, empresas ou institucións que o desexen poden darse de alta nestas bases de datos a través dun formulario específico para ofrecer os seus servizos de apoio científico-tecnolóxico aos profesionais ou colaborar en proxectos de investigación.

Finalmente o Observatorio difunde as actividades de investigación desenvoltas no marco do PNIC, publicando información sobre os proxectos realizados dentro do mesmo en conexión co [micrositio dos Plans Nacionais](#) do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte.

O Observatorio conta cun portal web onde se publica información relativa a convocatorias de traballo, axudas e subvencións a nivel internacional, estatal e autonómico; os traballos máis recentes de grupos de investigación; referencias a redes científicas e asociacións nacionais e internacionais; información sobre formación en materia de conservación e eventos nacionais e internacionais ligados á conservación.

Nome e ligazón	Laboratorio Permanente de Público de Museos	 LABORATORIO PERMANENTE DE PÚBLICO DE MUSEOS
Ámbito territorial	España	
Temática	Museos	
Interese	★★	

O Laboratorio Permanente de Público de Museos púxose en marcha en 2008 grazas á organización dun estudo orientado a coñecer o perfil xeral do público dos 16 Museos Estatais xestionados directamente pola Subdirección Xeral de Museos Estatais e os vinculados ao proxecto por convenio.

O Laboratorio depende do Ministerio de Cultura e Deporte e consiste nun proxecto permanente de investigación, formación e intercomunicación sobre temas relacionados co público dos museos estatais dependentes da Dirección Xeral de Belas Artes e daqueles museos que se queiran adherir ao proxecto mediante convenio de colaboración.

A súa finalidade é proporcionar datos, ferramentas e coñecementos que permitan orientar todas as actuacións dos museos cuxo destinatario último é o público, de xeito que mediante a relación con eles se optimice o cumprimento da función social dos museos.

A principal liña de traballo do laboratorio é por tanto a investigación, pero tamén leva a cabo unha labor formativa, a través da organización de encontros profesionais e de comunicación, orientada por unha banda a implantar un sistema de comunicación entre os museos que fomente o traballo en equipo (comunicación interna) e a difundir en foros e ámbitos profesionais os resultados das investigacións realizadas no laboratorio (comunicación externa).

O laboratorio dispón dun portal web onde pon a disposición da cidadanía as investigacións realizadas dende a institución como os informes *Coñecendo aos nosos visitantes*, realizados entre 2008 e 2009; o *Estudo sobre o impacto da COVID-19 no público dos museos* ou a *Guía para la evaluación de actividades para público intergeneracional (EAPI)* de 2020. Do mesmo xeito, nesta mesma canle publícanse tamén artigos sobre a actividade do laboratorio; publicacións especializadas sobre estudos de público doutras institucións e outros estudos de público de diferentes ámbitos territoriais.

Nome e ligazón	Oikos. Observatorio Andaluz para a Economía da Cultura e o Desenvolvemento	
Ámbito territorial	Andalucía	
Temática	Museos	
Interese	★	

Trátase dunha asociación sen ánimo de lucro constituída en 2001 que busca promover o binomio economía-cultura a través de estudos, publicacións periódicas, a participación en encontros e xornadas e a elaboración de proxectos solidarios, tanto en ámbitos locais, como internacionais.

As actividades que realiza Oikos consisten na organización e desenvolvemento de encontros, participación en foros, conferencias, seminarios e cursos de docentes, elaboración de estudos e proxectos de cooperación e desenvolvemento internacional.

Do mesmo xeito, edita unha publicación periódica, que baixo o título Cuadernos de Economía da Cultura, difunde estudos, investigacións, análises e experiencias en diferentes ámbitos relacionados coa economía e a xestión cultural.

Para levar a cabo esta labor, Oikos mantén convenios de colaboración que vinculan a súa actividade con entidades de distinto tipo: administrativas, financeiras, educativas, etc.

Dispón dun portal web onde achega información da asociación e das actividades e proxectos que se realizan dende a mesma. A entrada máis recente realizada nesta plataforma data do ano 2014.

Nome e ligazón	Observatorio Cultural do Proxecto Atalaya	
Ámbito territorial	Andalucía	
Temática	Cultura e universidade	
Interese	★★	

Xorde no ano 2005 do proxecto de traballo en rede das Universidades Andaluzas en materia de Extensión Universitaria. O observatorio concentra a súa actividade nos programas culturais e a análise do traballo dos seus xestores no entorno da Universidade, establecendo ferramentas de información e avaliación para revalorizar as programacións culturais e dar a coñecer a realidade do sector.

O obxectivo principal é, dende a base dunha rede de todas as universidades públicas andaluzas, pór en marcha accións innovadoras que dean valor á programación tanto existente como futura, dotándoas de ferramentas de información e avaliación fiables e científicas que melloren o traballo diario e, sobre todo, dar a coñecer á sociedade a situación do sector cultural.

Dende o observatorio organízanse seminarios sobre cultura e patrimonio; estudos monográficos de prácticas culturais, usos e demandas dos estudantes universitarios; convócanse becas de investigación; elabóranse os manuais Atalaya de xestión cultural; xestiónase a revista dixital sobre cultura www.diezencultura.es; e lévanse a cabo diversos programas culturais en colaboración con universidades andaluzas como a Facultade de poesía "José Ángel Valente", o proxecto *Cultura Andaluza en Rede*; o Portal Virtual de Patrimonio das Universidades Andaluzas ou *CaCoCu* (Canal Cultura Contemporánea).

O observatorio conta cunha páxina web onde se dá conta de todos os seus proxectos e cuxa información máis actualizada é do ano 2021.

Nome e ligazón	Observatorio Cultural da Provincia de Cádiz, Tavira: Vigía	
Ámbito territorial	Cádiz	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

Este observatorio, dependente da Universidade de Cádiz e centrado principalmente na provincia gaditana, focaliza os seus esforzos na investigación e análise das artes, a cultura, a formación e o territorio.

Entre os seus traballos están a recompilación de artigos e eventos vencellados á cultura; a organización de seminarios; a edición de publicacións como a revista anual PERIFÉRICA, Revista para a análise da cultura e o territorio, en colaboración co proxecto Atalaya, e a convocatoria de bolsas de investigación.

O observatorio conta un espazo web aloxado dentro do portal da Universidade de Cádiz onde se publican as actividades vinculadas coa institución. As últimas novas son do ano 2017.

Nome e ligazón	Observatorio da Cultura Local en Andalucía	
Ámbito territorial	Andalucía	
Temática	Cultura local	
Interese	★	

Créase en 2009, dentro da Federación Andaluza de Municipios e Provincias (FAMP) como unha ferramenta para conservar e difundir a memoria cultural andaluza, coa intención de asegurar a súa salvagarda, tendo en conta o seu carácter vertebrador e cohesivo da cidadanía e subliñando a importancia como un compoñente máis dentro do motor da economía.

Trátase dunha ferramenta telemática orientada a potenciar os elementos culturais comúns da memoria cultural andaluza dende a diversidade, grazas á súa capacidade de comunicación a través das novas tecnoloxías para estender, e ao mesmo tempo, ampliar o concepto de patrimonio cultural local.

Estre os seus obxectivos están a observación, supervisión e difusión da información relativa ao sector cultural, a análise das realidades histórico-culturais e a procura e difusión de información que contribúa a visualizar os impactos dos fenómenos culturais e prever escenarios culturais futuros.

Ata o momento editaron dous números da *e-Guía Municipal para o fomento de das Industrias Culturais de Andalucía* (2009 e 2010) e máis recentemente unha *Nova guía para a avaliación das políticas culturais locais* (2022).

Nome e ligazón	Observatorio da Cultura (Zaragoza)	
Ámbito territorial	Concello de Zaragoza	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

É un servizo municipal do concello de Zaragoza dependente da Área de Cultura, cuxa misión é facilitar e orientar o deseño de políticas culturais e promover o desenvolvemento de Zaragoza no ámbito cultural. Neste senso, constitúese como un instrumento de análise das variables culturais da cidade, como punto de partida para a toma de decisións administrativas, e tamén como unha ferramenta para facilitar o traballo dos axentes culturais e dar unha mellor resposta ás necesidades dos cidadáns.

Os seus obxectivos son identificar a actividade cultural para apoiar e orientar as políticas culturais; organizar e sistematizar as fontes de información cultural; crear e actualizar directorios culturais; facilitar ferramentas para o traballo dos profesionais da cultura; potenciar a participación cidadá no ámbito cultural e recoller as iniciativas creativas e innovadoras tanto na cidade como a nivel internacional.

O observatorio achega memorias e estatísticas relativas a programas culturais municipais de diversa índole (audiovisuais, música, artes escénicas, patrimonio, museos...), para facilitar a análise das súas fortalezas e debilidades e así favorecer o traballo dos profesionais do entorno á hora de abordar o deseño de proxectos.

Por outra banda, dende o observatorio lévase tamén a cabo o proxecto de Mapas Colaborativos, nos que a cidadanía pode incorporar puntos de interese cultural na cidade de Zaragoza coa súa correspondente descrición e imaxes (mapa de arte do Renacemento, arte Mudéjar, arte neomudéjar).

Os estudos e informes máis actualizados deste observatorio datan do ano 2017.

Nome e ligazón	Interarts. Observatorio de Políticas Culturais Urbanas e Rexionais	
Ámbito territorial	Internacional	
Temática	Cultura, políticas culturais	
Interese	★★	

Interarts é unha axencia privada sen ánimo de lucro, con sede en Barcelona, fundada en 1995 e dedicada á investigación de temáticas culturais e ao asesoramento no establecemento de empresas e políticas culturais que contribúan ao desenvolvemento social e a igualdade de xénero, entendendo a cultura como motor de cambio.

Os seus obxectivos son a contribución ao desenvolvemento humano a través da cultura; o apoio ao deseño de políticas culturais; a promoción do coñecemento e a información no ámbito da cultura; a defensa do papel da cultura na gobernanza pública e a participación activa en redes a nivel europeo e internacional.

Para dar cobertura a estes obxectivos a súa actividade céntrase en cinco áreas que son a cooperación para o desenvolvemento en proxectos internacionais cunha dimensión cultural; os servizos de consultaría para entidades públicas e privadas; a transferencia de coñecemento a través de actividades de formación e capacitación (seminarios, conferencias, estancias de estudantes) e da web e redes sociais; a investigación aplicada centrándose en temas emerxentes sobre o sector cultural; o Networking & Advocacy, mediante a creación de redes culturais a nivel europeo.

Tamén promove a formación a través de publicacións como o seu boletín electrónico [Cyberkaris](#), onde se proporciona información actualizada sobre as políticas internacionais culturais e a cooperación cultural; unha canle de [podcast](#) sobre o traballo de Interarts e unha activa participación en proxectos educativos de diversa índole.

Nome e ligazón	Observatorio Extremeño da Cultura	
Ámbito territorial	Extremadura	
Temática	Cultura, arte, patrimonio cultural	
Interese	★★★	

Naceu en 2007 como unha proposta de traballo que fixo a Asociación de Xestores Culturais de Extremadura (AGCEX) á Junta de Extremadura. Actualmente é xestionado por AGCEX e liderado pola Secretaría Xeral de Cultura da Consellería de Cultura e Igualdade da Junta.

Centrado no entorno rexional extremeño, aborda iniciativas coas que favorecer a consolidación de redes en prol do desenvolvemento do ámbito da Arte, a Cultura, o Patrimonio, a Lexislación, o Desenvolvemento Cultural e os movementos socio-culturais. Para isto, recompila, sistematiza e analiza a información relativa ao sector, fomentando así a súa accesibilidade e a optimización de recursos.

O seu traballo artéllase ao redor de catro liñas que son as seguintes: constituír un punto de encontro onde conflúan os programas que as diferentes entidades de Extremadura teñen en marcha de cara á promoción e difusión da cultura; ser un referente informativo sobre a lexislación, produción cultural, mapa de recursos do patrimonio, ofertas formativas e de traballo; establecer un espazo de consulta por medio do uso das TIC,s cunha base de datos que recompila a información e a pon á disposición da cidadanía; realizar unha análise e seguimento da evolución dos hábitos da cultura na rexión.

Dentro da web do observatorio poden atoparse ferramentas como o [Mapa de infraestruturas culturais](#); a [rede de teatros de Extremadura](#) cunha ficha completa sobre cada un dos espazos; o directorio [DIRCEX](#) de recursos culturais tanto públicos como privados; un buscador de [programas e eventos da comunidade](#); un [banco de imaxes de audiovisuais](#); un directorio de creadores e un buscador de [estudios, publicacións e documentos](#) sobre a cultura realizados na Comunidade autónoma (estadísticas culturais, lexislación, manuais, guías de traballo, etc).

Nome e ligazón	Observatorio da Cultura de Murcia	
Ámbito territorial	Murcia	
Temática	Política cultural	
Interese	★	

O Observatorio da Cultura de Murcia é unha plataforma cidadá creada en 2014 que pretende participar activamente na transformación democrática da política cultural da Rexión.

Foi promovida por un grupo de cidadáns e cidadás que estaban en desacordo co estilo de goberno que caracterizou á política cultural da rexión ata a data. Desta maneira o obxectivo do observatorio era traducir ese desacordo na creación dun espazo capaz de articular os diferentes intereses dos axentes culturais da rexión, de rexistrar as súas inquedanzas e de probar posibles respostas ao seus problemas particulares. Pero tamén capaz de converterse nunha ferramenta de análise, control rigoroso e transformación tanto das institucións culturais murcianas como do funcionamento da administración pública neste ámbito.

Neste senso o propósito último do observatorio é articularse como unha plataforma aberta, plural e participativa, sendo así un actor vinculante á hora de decidir que modelo de cultura quere a cidadanía para Murcia.

Segundo a súa web, o observatorio tivo actividade durante os anos 2014 e 2015, pero a partir desta data non se observan máis entradas de información na plataforma.

Nome e ligazón	Observatorio vasco da Cultura	 Kulturaren Euskal Behatokia
Ámbito territorial	Euskadi	
Temática	Patrimonio cultural, arte, industrias creativas	
Interese	★★★	

Foi fundado en 2006 a partir do Plan Vasco de Cultura, aprobado polo Consello Vasco de Cultura en 2004 e polo goberno vasco. Organicamente depende do Departamento de Cultura e Política Lingüística e a súa misión é dar resposta a un dos eixos estratéxicos propostos polo goberno rexional en materia de cultura, funcionando como fonte de información, seguimento e avaliación da realidade do sector e das demandas sociais. Serve, así como órgano asesor dende o que xerar plans e estudos innovadores cos que optimizar os proxectos relativos ao patrimonio cultural, a creación e expresión artística, as industrias e ámbitos transversais, situando así á cultura como elemento central do desenvolvemento social e económico.

A súa misión articúlase ao redor de tres eidos que son transformar a información sobre a cultura en coñecemento; estudar a realidade cultural vasca, tendo en conta os sectores que a conforman e as súas demandas; analizar os aspectos xerais, sectoriais e territoriais vinculados á cultura no seu sentido máis amplo.

Os ámbitos de actuación do observatorio son o patrimonio cultural, a creación artística e as industrias creativas e outros ámbitos transversais.

Os servizos que ofrece esta institución son de catro tipos: a realización de traballos estatísticos (estatísticas oficiais, estatísticas feitas a medida e banco de datos); a elaboración de estudos sectoriais e temáticos; a asesoría no ámbito da cultura, atención a consultas, participación en xornadas, conferencias, foros... e por último a xestión e mantemento do Kulturlink, que é o portal de referencia da cultura vasca, compartido por todos os axentes do territorio para a difusión de contidos de interese cultural e de eventos.

Na web do Observatorio Vasco da Cultura están dispoñibles e habilitados para descarga os diferentes estudos que a institución ven realizando como Cultura e turismo (2023), Transformación dixital en sectores e industrias culturais e creativas (2023), Análise da presenza e participación de mulleres e homes nas creacións e eventos musicais no CAE en 2022 (2023). Tamén son accesibles as diferentes análises estatísticas como Indicadores de confianza empresarial das Industrias Creativas (2021), Financiamento e gasto público en cultura da CAE (2020).

Nome e ligazón	Observatorio da Cultura Galega	OBSERVATORIO DA CULTURA GALEGA
Ámbito territorial	Galicia	
Temática	Cultura	
Interese	★★★	

Constitúe unha unidade dependente do Consello da Cultura Galega, en colaboración coa Consellaría de Cultura e Deporte e o Instituto Galego de Estatística (IGE). A institución oríentase cara á recolleita de información sobre o sector cultural galego e a súa produción fundamental é de tipo estatístico, aínda que tamén realiza informes de tipo cualitativo e avaliativo, sempre co horizonte de contribuír ao desenvolvemento do sector.

Entre os obxectivos do observatorio están afondar na reflexión sobre a política cultural, darlle ás políticas públicas unha maior coherencia e valorizar o papel da cultura dende unha perspectiva multidimensional e comprender mellor o papel que teñen as industrias culturais en relación ao crecemento económico e á calidade de vida; ademais de identificar os xeitos en que este sector está vencellado a outros sectores da economía como a industria e a amplos circuítos de innovación e creatividade.

Todo o material xerado pola institución está dispoñible e accesible na web dende os primeiros estudos que se remontan ao ano 2010 ata a actualidade. Nela pódense ver todos os indicadores estatísticos por temáticas ou áreas culturais (arquivos, artes escénicas e musicais, artes visuais, bibliotecas...); estudos sectoriais como os [barómetros da cultura galega](#), [Disposición a agasallar contidos culturais a menores de 16 anos en Galicia](#) (16/12/2021), [Conxuntura estatística do ámbito cultural. Novembro de 2021](#) (16/12/2021).

Unha das ferramentas máis importantes do Observatorio é o [Mapa de Equipamentos Culturais de Galicia](#), creada en 2009 e que foi pioneira no mapeado deste tipo de infraestruturas no conxunto do estado. Organizado por provincias, comarcas e concellos, trátase dun censo de equipamentos susceptibles de conter actividades culturais entendidas nun senso amplo. Está dirixido fundamentalmente a programadores culturais, promotores e artistas pero resulta tamén accesible para o conxunto da cidadanía.

Nome e ligazón	Observatorio dos Públicos do Patrimonio Cultural de Cataluña (OPPCC)	 Observatori dels Públics del Patrimoni Cultural de Catalunya
Ámbito territorial	Cataluña	
Temática	Museos, patrimonio cultural	
Interese	★★★	

O OPPCC é unha institución xestionada polo Institut Català de Recerca en Patrimoni Cultural (ICRPC-CERCA) e dependente da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural do Departamento de Cultura da Generalitat de Cataluña.

O seu obxectivo principal é apoiar aos museos, a outros equipamentos patrimoniais, así como as administracións públicas e axentes privados que se ocupan do patrimonio en Cataluña na súa relación cos públicos para contribuír a mellorar a planificación e xestión museística grazas á investigación e a formación.

O OPPCC ofrece principalmente servizos relacionados coa xestión do público, como a mediación e a recepción do patrimonio pola súa parte. Tamén pretende subministrar servizos relacionados coa xestión dos recursos, como financiamento e recursos humanos, así como a comunicación dos museos e equipamentos patrimoniais, a través de accións formativas para profesionais.

Todos os traballos realizados polo observatorio figuran dispoñibles na súa páxina web e cobren un amplo abano de ámbitos como os recontos de visitantes aos museos, coleccións, centros de interpretación e equipamentos patrimoniais de Cataluña; [enquisas de participación cultural](#); [análises de indicadores dixitais dos museos](#); [barómetro social dos museos cataláns](#); [informes da Junta de Museus de Catalunya](#) e diversos [manuais referentes a metodoloxías para reconto de visitantes en museos](#), obtención de indicadores avanzados de públicos dixitais ou reconto de visitantes para museos sen sistema de ticketing.

Tamén dende o observatorio se levan a cabo diversas accións formativas sobre temáticas diversas, pero sempre centradas nos museos e os seus públicos como a xornada [Desenvolvemento de públicos. Ferramentas para atraer novas audiencias](#) (2023); o [Impacto social dos museos](#) (2023); [Museos relevantes para a comunidade. Ferramentas para a participación cidadá](#) (2021).

Nome e ligazón	Observatorio Navarro da Cultura	
Ámbito territorial	Navarra	
Temática	Cultura	
Interese	★★★	

É un proxecto dependente da Dirección Xeral de Cultura do goberno navarro en colaboración co Instituto de Estatística de Navarra e outras entidades como Euskarabidea. Nace como consecuencia do [Plan de Cultura de Navarra 2017-2023](#), que no seu eixo estratéxico 2 propón “establecer un sistema de información e seguimento sistemático da situación e a evolución da cultura e a creatividade en Navarra e realizar plans estratéxicos e sectoriais así como diagnoses de situación”.

A misión do Observatorio Navarro é afondar no coñecemento dos sectores culturais e creativos, e sistematizar a información cuantitativa e cualitativa no ámbito da cultura e da creatividade en Navarra. Partindo deste horizonte o observatorio propónse catro obxectivos principais que son colaborar no desenvolvemento de políticas culturais e na toma de decisións; investigar tendencias e conexións con outros sectores; identificar boas prácticas e experiencias que se desenvolven dentro e fóra de Navarra, e promover o coñecemento público da cultura e da creatividade.

Entre os servizos e proxectos que se desenvolven dende esta institución destaca a elaboración de [documentos e investigacións sectoriais](#) sobre diferentes ámbitos como as bibliotecas, a accesibilidade a equipamentos culturais, diagnoses da situación das profesións culturais, museos, avaliacións en igualdade de xénero, cartas de servizos, etc. Precisamente entre os estudos que se realizan periodicamente teñen especial relevancia as estatísticas elaboradas sobre os [hábitos e prácticas culturais e en Navarra](#).

A [formación](#) tamén conta cun espazo importante con cursos orientados tanto ao persoal da administración como ao sector profesional que permitan desenvolver as súas competencias profesionais en materias específicas/técnicas da súa rama de actividade e materias transversais (igualdade, xestión, fiscalidade, solicitude de subvencións, contratación, comercialización, accesibilidade, obradoiros de interacción con persoas con discapacidade, etc.).

Outro proxecto dependente do observatorio é o [Think Tank \(CNK\)](#), que constitúe un foro de pensamento de ideas relacionadas coa cultura Navarra, onde participa a sociedade civil e as administracións públicas para compartir ideas e coñecemento. Concrétase a través da realización do que se denomina “laboratorios” nos que se abordan temas diferentes como a comunicación, a mediación cultural, as novas visións dos equipamentos culturais do século XXI, a creación en éuscaro, a internacionalización da cultura, a igualdade e os proxectos europeos. Ata o momento realizáronse dez laboratorios, sendo o último en 2020.

Por último o observatorio tamén xestiona o [Mapa de Equipamentos Culturais de Navarra](#), onde se mostra unha ficha das casas de cultura, bibliotecas, museos, monumentos, espazos escénicos e arquivos do territorio.

Nome e ligazón	Observatorio Valenciano da Cultura	
Ámbito territorial	Valencia	
Temática	Cultura, participación cultural	
Interese	★★★	

É unha entidade que xorde como un dos compromisos do *Pla Estratégico Cultural Valenciano -Fes Cultura- (2016-2020)* e que depende da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Cultura e Deporte da Generalitat Valenciana, en cooperación con institucións como o Consello Valenciano de Cultura e as Universidades.

O observatorio é unha plataforma de intercambio de coñecemento, análise, debate e prospectiva da cultura e do patrimonio valenciano, con interdisciplinariedade e pluralidade de enfoques e con particular interese no exercicio do dereito universal de acceso á cultura e á participación cultural. Trátase ademais dun organismo que non se limita a elaborar só datos estatísticos e estudos propios, senón que tamén está aberto ás achegas e propostas da cidadanía, sexan ou non expertos nestas materias.

Entre os seus obxectivos están a realización de enquisas, estudos e investigacións sobre a cultura valenciana, as prácticas culturais e o patrimonio cultural; o seguimento da evolución da sociedade valenciana en relación coa cultura; a elaboración de indicadores culturais e patrimoniais; a identificación e valoración dos factores que representan obstáculos no acceso universal aos bens e servizos culturais e patrimoniais; proporcionar unha base de coñecemento para profesionais e empresas dos sectores da cultura e do patrimonio; a identificación das oportunidades da cultura e do patrimonio para a construción dun novo modelo económico valenciano, baseado no coñecemento, a innovación, a apertura ao exterior e a sustentabilidade; a elaboración e difusión de publicacións, foros, conferencias, seminarios e encontros relacionados coa cultura e o patrimonio; o apoio técnico á Consellería de Cultura en materia de cultura e patrimonio; e o intercambio de experiencias e coñecementos con outros territorios.

Entre os traballos realizados polo observatorio están a *Enquisa de prácticas culturais da Comunidade Valenciana* (2017); as estatísticas sectoriais de cultura sobre gastos de corporacións locais, empresas culturais, formación e ocupación do sector publicadas entre os anos 2010 e 2017; un repositorio de documentos e publicacións relativos á cultura e patrimonio valencianos e un espazo web de participación onde calquera cidadán ou cidadá pode subir artigos científicos, dossiers, proposta ou documento de reflexión sobre a cultura.

Nome e ligazón	Observatorio de Educación Patrimonial en España (OEPE)	 OEPE Observatorio de Educación Patrimonial en España
Ámbito territorial	España	
Temática	Educación patrimonial	
Interese	★★★	

O Observatorio de Educación Patrimonial en España (OEPE) xorde en 2009 a través dun proxecto de I+D da Universidade de Valladolid dentro do Plan Nacional de Educación e Patrimonio. Está dirixido por Olaia Fontal e continua nunha sucesión de catro proxectos de I+D+i nos que, a partir de 2015 se incorporou Alex Ibáñez á codirección. Na actualidade estase a desenvolver o cuarto dos proxectos titulado “Modelos de aprendizaxe en contornas dixitais de Educación Patrimonial” que terá percorrido ata xuño de 2024.

Os obxectivos do observatorio e os traballos desenvolvidos foron mudando en función dos diferentes proxectos de investigación executados. Deste xeito, o obxectivo do seu primeiro trienio foi coñecer, analizar e diagnosticar o estado da educación patrimonial no territorio nacional. Para conseguilo, o proxecto estruturouse en tres fases: CAD (Coñecemento, análise e diagnóstico), SE (Sistematización e normalización) e DCR (Divulgación Científica e xeración de redes de traballo).

No segundo trienio ampliouse o proxecto iniciado anteriormente con outras tres novas fases denominadas CON (Consolidación), EP (Avaliación de Programas) e IN (Internacionalización).

No terceiro trienio a investigación centrouse no estudo de casos concretos que, tras aplicar os instrumentos desenvolto nos dous primeiros proxectos, foron considerados como programas referentes.

No proxecto vixente actualmente ata 2024 establécense outras seis fases de traballo que son as seguintes: CTM-EP (Concepción e teorización de modelos de Educación Patrimonial), EC-EP (Estudo de caso de programas de Educación Patrimonial), EP-Universal (Definición de criterios de accesibilidade universal para a aprendizaxe de contidos patrimoniais), DIE-EP (Deseño de novos instrumentos de recollida de datos para a avaliación de aprendizaxes), OEPE 3.0 (Ampliación da OEPE para potenciar os procesos de concienciación, valorización e socialización do patrimonio), DI-IEP (Difusión e internacionalización da investigación en Educación Patrimonial).

Ademais destas liñas de traballo que desenvolve a OEPE, o proxecto conta cun portal web específico que contén unha base de datos de uso interno para investigadores do proxecto por unha banda e onde se achega un espazo para divulgar os resultados da investigación entre a cidadanía por outra. Deste xeito, na web aparecen referencias ás investigacións realizadas a través de publicacións científicas, teses e foros, congresos ou xornadas onde participa a OEPE; a rede internacional de educación patrimonial á que pertence o observatorio; proxectos audiovisuais e a iniciativa participativa e colaborativa [Persoas e Patrimonios](#).

Nome e ligazón	Observatorio de igualdade de xénero no ámbito da cultura	Espacio de Igualdad
Ámbito territorial	España	
Temática	Cultura, igualdade de xénero	
Interese	★★★	

O Observatorio de igualdade de xénero no ámbito da cultura é unha entidade constituída no ano 2019 dependente do Ministerio de Cultura e Deporte do goberno de España.

A súa misión é o impulso da presenza das mulleres e da igualdade de oportunidades en todas as manifestacións culturais e en postos de responsabilidade competencia do Ministerio de Cultura e Deporte. Para acadar esta meta, o Observatorio analiza a información en materia de xénero para detectar situacións de desigualdade e establecer medidas correctoras, propicia a produción artística e a representación feminina nas distintas manifestacións culturais, impulsa a elaboración de censos de expertas en igualdade de xénero e cultura, e promociona o traballo das mulleres e a súa participación equilibrada en xurados e órganos de valoración.

No [Plan de Traballo 2022/2023](#) establecéronse ademais os obxectivos principais da institución que son: potenciar o Observatorio da Igualdade de Xénero no ámbito da cultura, afondando no diagnóstico das desigualdades; incorporar a perspectiva de xénero nas institucións culturais, políticas culturais: premios nacionais, axudas, bolsas, subvencións e actividades culturais; e promover e visibilizar activamente a creación e produción artística e intelectual das mulleres.

Entre os traballos que se desenvolven dende o Observatorio están a realización de [estudos estatísticos](#) (*Indicadores estatísticos culturais vinculados ao libro e ao cine, desagregacións por sexo de 2023*); a elaboración de informes de carácter xeral (*I Informe sobre a aplicación da Lei de Igualdade no ámbito da cultura no marco competencial da Consellería de Cultura e Deporte de 2022*); e outros informes máis específicos como a *Análise da participación das mulleres no Patrimonio Cultural Inmaterial: situación actual, experiencias e perspectivas de futuro* (2019) e o Informe de resultados da *Perspectiva de xénero nas entidades de xestión de dereitos de propiedade intelectual* (2021).

Ademais dende o Observatorio realízanse [recomendacións](#) de carácter xeral a institucións e á cidadanía en materia de igualdade; proporciónase unha ferramenta de Autoavaliación de Igualdade de Xénero para Institucións Culturais (IAIG) denominada [Cultura x Igualdade](#); publícanse outros Estudos e informes das asociacións do Observatorio da Igualdade de Xénero no ámbito da Cultura e proporciónase un mapeado de expert@s en cultura e xénero no territorio do estado.

Nome e ligazón	Observatorio do Patrimonio Etnolóxico e Inmaterial	
Ámbito territorial	Cataluña	
Temática	Patrimonio Cultural, etnoloxía	
Interese	★★	

O Observatorio do Patrimonio Etnolóxico e Inmaterial (antes Observatorio para a Investigación Etnolóxica) é un servizo do Inventario do Patrimonio Etnolóxico de Cataluña (IPEC), un programa da Dirección Xeral de Cultura Popular e Asociacionismo Cultural do Departamento de Cultura da Generalitat de Cataluña.

Foi creado no ano 2000 para poder coñecer de maneira actualizada a situación do patrimonio etnolóxico catalán en todas súas vertentes, incluíndo a investigación e a difusión. O funcionamento do Observatorio baséase na colaboración e o traballo en rede coas entidades e grupos que existen en Cataluña dedicados ao patrimonio etnolóxico. Desta maneira, a institución concrétese no territorio a través de vinte e dúas entidades diferentes (museos, centros de estudos, institutos de investigación, laboratorios...) espalladas por toda a xeografía catalá.

As Funcións que realiza o Observatorio son as seguintes:

- Identificación de oportunidades de investigación.
- Detección de ameazas que poñen en perigo o patrimonio etnolóxico do territorio.
- Organización de actividades de difusión da investigación etnolóxica promovida dende a Dirección Xeral de Cultura Popular e Asociacionismo Cultural, así como do patrimonio etnolóxico en xeral
- Organización de xornadas de carácter internacional, nacional ou local sobre patrimonio etnolóxico
- Difusión das actividades relacionadas co patrimonio etnolóxico mediante a bitácora etnología.cat
- Xestión dunha bolsa de investigadores co obxectivo de pór en contacto entidades e investigadores.

Nome e ligazón	Observatorio de Cultura e Comunicación da Fundación Alternativas	 Fundación Alternativas
Ámbito territorial	España, Unión Europea e América Latina	
Temática	Cultura e comunicación	
Interese	★★	

O Observatorio de Cultura e Comunicación da Fundación Alternativas (OCC/FA) é un departamento dedicado ao estudo, análise e debate sobre as transformacións actuais nos ámbitos da cultura e da comunicación e das políticas públicas que afectan a ambos os ámbitos.

As súas actividades céntranse principalmente en España, a Unión Europea e América Latina, con especial incidencia nos temas relativos ao desenvolvemento dixital. Neste marco de actuación realízase cada ano o [Informe sobre o estado da cultura en España](#), que fai unha análise detallada da problemática do sector con propostas de desenvolvemento de solucións.

As investigacións do OCC/FA preséntanse en forma de documentos de traballo orientados á reflexión para a toma de decisións no desenvolvemento das políticas públicas. Esta actividade complementase coa realización de foros, seminarios e xornadas que constitúen un lugar de encontro e cooperación entre profesionais do sector público e privado.

Os informes sobre o estado da Cultura en España van dende 2011 ata 2022 e son descargables na web da fundación. Tamén se producen outro tipo de documentos ou traballos de investigación sobre temas específicos e de actualidade como [La Inteligencia Artificial y la creación artística. Cómo funciona la creación y el mercado de la IA generativa \(2023\)](#) ou [Brainstorming Report "Culture and Creative Sectors and Industries driving Green Transition and facing the Energy Crisis"\(2023\)](#). Por último dende o observatorio organízanse diversos eventos como presentacións, seminarios, xornadas, mesas de debate e cursos online.

Nome e ligazón	Observatorio Aragonés da Arte na Esfera pública - OAAEP	 Observatorio Aragonés de Arte en la Esfera Pública
Ámbito territorial	España / Aragón	
Temática	Arte	
Interese	★★	

O Observatorio Aragonés da Arte na Esfera Pública é un grupo interdisciplinario nacido no ano 2004, cuxos membros están adscritos á Universidade de Zaragoza, á Universidade San Jorge e a outros centros de investigación de Aragón. A súa principal liña de investigación é a “arte pública” en rúas, prazas, parques ou outros lugares ao aire libre, pero tamén en museos, galerías ou outros espazos virtuais como Internet ou redes sociais. En definitiva, ocúpase de calquera foro de debate/difusión pública das artes, incluíndo a música, o deseño gráfico, a publicidade a fotografía, o cine e a cultura visual, sempre en relación cos procesos de recepción pola sociedade. Nesta transferencia social xoga ademais un papel destacado a reflexión crítica nos medios de comunicación, no mundo educativo ou na xestión do patrimonio, que son outra das liñas de estudo preferentes.

Algúns dos traballos de investigación destacados nos que ten traballado o Observatorio nos últimos anos son proxectos I+D+i como *Monumentos conmemorativos e escultura pública en Aragón, A Rioxa, Navarra e Euskadi (1785-2002)*; *Arte pública para todos: a súa musealización virtual e a súa difusión social*; ou *Museos e barrios artísticos: Arte pública, artistas, institucións*.

Tamén a través de convenio asinados cos concellos de Zaragoza e Huesca o OAAEP é responsable da realización dos catálogos municipais en liña de arte pública con mapas interactivos e itinerarios comentados ([Arte Pública Huesca](#)).

Por último o observatorio organiza eventos, encontros, simposios e realiza actividades de formación relacionados co seu obxecto de estudo.

O OAAEP conta cun portal web que achega información sobre o grupo de investigación e conta cunha sección de [biblioteca dixital](#) na que se poden descargar diferentes publicacións científicas realizadas no seo da institución.

Nome e ligazón	Regional observatory on culture in east-central Europe	
Ámbito territorial	Europa central e oriental	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★	

Coñecido tamén como Budapest Cultural Observatory, ten a súa sede na cidade de Budapest (Hungría). Púxose en marcha en abril de 1999, para seguir a evolución das políticas culturais nos países de Europa central e oriental, centrándose especialmente nas tendencias e accións no ámbito do financiamento da cultura. As súas principais actividades son a investigación, a análise estatística, o establecemento de contactos en ámbitos que inclúen o financiamento da cultura, a política cultural, a lexislación e a estatística.

No seu portal web pódense acceder a [informes sobre as actuacións do observatorio](#) dende 1999 ata 2018; artigos científicos e publicacións elaborados dende a institución; os resultados dunha enquisa denominada [Cultural Climate Barometer](#) que foi aplicada a varios países post-soviéticos; subvencións da Comisión Europea dentro do programa [Europa Creativa](#) e outros estudos sobre diplomacia cultural ou *Prioridades nas políticas culturais nacionais (2012-2017)*.

Nome e ligazón	COMPENDIUM, Cultural Policies and Trends in Europe	
Ámbito territorial	Europa	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★★	

O COMPENDIUM, Cultural Policies and Trends in Europe foi creado en 1998 polo Comité Directivo para a Cultura do Consello de Europa e o Instituto ERICarts como un proxecto transnacional para a posta en marcha dunha plataforma de información en liña e monitorización de políticas culturais. En 2017 pasou a ser unha asociación integrada por 18 países europeos e dende 2021 é xestionada polo [Kulturpolitische Gesellschaft e.V.](#) (Bonn, Alemaña).

A súa misión e obxectivos son os seguintes:

- Potenciar a política cultural e a investigación cultural mediante información e datos cualificados.
- Proporcionar un apoio substancial ao desenvolvemento de políticas culturais creando mellores prerequisites previos para os gobernos e outros actores do sector cultural.
- Potenciar o intercambio internacional de coñecemento e a creación de redes no ámbito da política cultural e da investigación cultural
- Destacar tendencias e difundir casos de boas prácticas.

Na actualidade ofrece datos sobre políticas culturais de 44 estados europeos e mais de Canadá.

Nome e ligazón	Observatório Português das Atividades Culturais - OPAC (Portugal)	
Ámbito territorial	Portugal	
Temática	Actividades culturais	
Interese	★★★	

O OPAC nace en decembro de 2018 no ISCTE-Instituto Universitario de Lisboa, no marco do Centro de Investigación e Estudos en Socioloxía (CIES), que é a institución responsable do seu funcionamento e coordinación científica. A súa misión é o estudo, a produción e a dispoñibilidade pública de información rigorosa e actualizada nos diversos ámbitos culturais, contribuíndo así aos debates actuais na sociedade portuguesa e á formulación, seguimento e avaliación de políticas públicas.

As súas liñas de actuación son contribuír ao coñecemento das prácticas e públicos culturais, das características das institucións e axentes culturais e artísticos, a través dun amplo abano de temas (participación, desigualdades sociais, inclusión social, democratización e democracia da cultura, emprego cultural, financiamento da cultura) e inclúen a realización de estudos e a elaboración de indicadores a partir de fontes secundarias, nacionais e transnacionais.

Conta cunha páxina web na que publican os seus proxectos como unha [enquisa a nivel nacional ás Asociacións de Cultura, Recreo e Deporte](#); o [estudo de públicos de museos](#); indicadores temáticos sobre cine, [gastos públicos en cultura](#), [edición e comercio de libros](#), [emprego cultural e creativo](#), [espectáculos](#), [museos](#), [prácticas culturais](#)...

Nome e ligazón	Observatoire des politiques culturelles - OPC (Bélxica)	
Ámbito territorial	Bélxica	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★★	

Denominado tamén Observatorio de Políticas Culturais da Federación Valonia-Bruxelas, nace no ano 2001 como servizo público para elaboración de proxectos de investigación cultural realizados ao longo de varias anualidades neste territorio.

As súas funcións son as seguintes:

- Elaborar diferentes inventarios sobre políticas culturais do territorio, operadores culturais, profesións ligados ao sector cultural, a difusión de bens e servizos entre a poboación francófona, prácticas culturais, modos de aceso e participación dos cidadáns na vida cultural na súa diversidade.
- Supervisión dos instrumentos para avaliar as políticas culturais.
- Realizar unha historia das políticas culturais da parte francófona do país.
- Desenvolver axudas en forma de premios, bolsas, proxectos de investigación académica.
- Xestionar e organizar un centro de recursos sobre publicacións e documentos relativos a políticas culturais.
- Poñer a disposición das administracións e da cidadanía os recursos da institución.

O observatorio conta cun portal web no que se pode atopar información sobre os seus [traballos de investigación](#) sobre diferentes temas (públicos da cultura, sistemas educativos, economía da cultura, historia das políticas culturais); [publicacións científicas](#) da institución e subvencións.

Nome e ligazón	Arts Council England (Gran Bretaña)	
Ámbito territorial	Inglaterra	
Temática	Arte e industrias creativas	
Interese	★★	

Trátase da axencia nacional de desenvolvemento para a creatividade e a cultura, dependente do Arts Council of Great Britain e do Departamento de Cultura, Medios e Deporte do goberno do Reino Unido. Creado en 1994 o Arts Council está encargado da observación cultural, pero tamén de inversión e desenvolvemento no ámbito das artes, os museos e as bibliotecas, teatro, arte dixital, lectura, danza, música, literatura, artesanía e coleccións de Inglaterra.

En 2020 o Arts Council England publicou ["Let's Create"](#), que é unha estratexia de traballo a dez anos vista coa misión de que para 2030 Inglaterra sexa un país no que se valore a creatividade das persoas e a cada un se lle dea a oportunidade de florecer, e onde todos teñan acceso a unha notable variedade de experiencias culturais de alta calidade.

O observatorio traballa en diferentes proxectos que aparecen referenciados no seu portal web como o desenvolvemento da creatividade na escola; realiza investimentos en organizacións e institucións que desenvolven actividades culturais e creativas; apoia e asesora a organizacións artísticas, museos e librarías; fai estudos e informes sobre as practicas e políticas culturais e sobre as actividades creativas.

Nome e ligazón	Research Centre for Museums and Galleries (Gran Bretaña)	 Research Centre for Museums and Galleries
Ámbito territorial	Gran Bretaña	
Temática	Arte e industrias creativas	
Interese	★★	

Trátase dunha institución que forma parte da Escola de Estudos de Museos da Universidade de Leicester (RCMG), dependente da Universidade de Leicester.

A súa misión é levar a cabo investigacións que estimulen prácticas creativas que permitan ás organizacións culturais actuar dun modo máis eficiente para fomentar sociedades máis equitativas e inclusivas.

Algúns dos proxectos nos que está comprometido o centro son a elaboración dunha enquisa sobre a asistencia aos museos e a brecha de beneficios: desigualdade, participación representativa e implementación da ciencia (2023-2025); a Guía de Cultura Transclusiva: Orientación sobre o avance da inclusión trans para museos, galerías, arquivos e organizacións patrimoniais (2023); Everywhere and Nowhere: explorando historias de discapacidade no National Trust (2021-actualidade).

Na páxina web do centro ofrécese información de todos os proxectos realizados e dos seus resultados dende o ano 2000 ata a actualidade.

Nome e ligazón	ECCOM - European Centre for Cultural Organisation and Management (Italia)	
Ámbito territorial	Europa	
Temática	Innovación cultural	
Interese	★★	

ECCOM é unha organización creada en 1995 para promover un enfoque transdisciplinar do sector cultural e creativo. Está formada pola asociación sen ánimo de lucro ECCOM-Centro Europeo de Organización e Xestión Cultural e pola empresa ECCOM Progetti s.r.l.

Dende o seu punto de vista, a cultura ten un papel activo nos procesos de cambio social e con esta finalidade: estuda e diseña experiencias para xerar innovación social e cultural, favorece a inclusión e o crecemento colectivo, potencia o patrimonio cultural como oportunidade de coñecemento e enriquecemento persoal.

ECCOM actúa tanto a nivel local, nacional como internacional con entidades públicas e privadas. Os seus servizos son estudos e investigacións sobre o sector cultural; o asesoramento e asistencia técnica a entidades públicas e privadas sobre cuestións relacionadas coa cultura; formación para profesionais do sector cultural, cun enfoque orientado á innovación e as boas prácticas, e o deseño de proxectos culturais a nivel local, nacional e internacional.

Algúns dos proxectos realizados son [Perfil e análise dos visitantes aos lugares da cultura en Puglia \(2022\)](#); Un programa de 30 meses para apoiar a [Elefsina 2023 - Capital Europea da Cultura](#) con actividades de construción de capacidades e aprendizaxe entre iguais (*peer-learning*) sobre o tema do desenvolvemento do público (2020-2021) ou o proxecto [IMPROVISA - Life in motion project](#), que toma como punto de partida o dixital para mellorar os procesos participativos e implicar ao público máis novo, emigrantes e comunidades con dificultades de acceso ao patrimonio artístico e cultural.

Nome e ligazón	Observatorio Cultural do Piamonte (Italia)	 OSSERVATORIO CULTURALE DEL PIEMONTE
Ámbito territorial	Piamonte	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

O Observatorio Cultural do Piamonte é unha colaboración público-privada, fundada no ano 1988, que nace do acordo entre institucións e administracións locais, fundacións de orixe bancaria, asociacións de comerciantes, organismos públicos non económicos, institutos de investigación públicos e privados.

O Observatorio realiza actividades de investigación, consultoría, asistencia e apoio aos *decisores* e entidades do sector cultural. Ofrece un servizo *de intelixencia empresarial*; mediante a recollida, creación de series históricas, análise de datos e información sobre consumo, recursos económicos e de emprego, produción e oferta cultural.

O desenvolvemento das súas actividades ao longo dos anos deu lugar a un *data warehouse* (*almacén de datos*), que contén datos relativos a cada sector, o que posibilita:

- Unha lectura do pasado e unha interpretación das dinámicas actuais, que representan unha base esencial para trazar posibles escenarios futuros.
- A construción dun marco rexional de coñecemento e comparación coas dinámicas nacionais e internacionais.

O traballo de investigación realízase como parte da actividade institucional e da investigación específica, realizada por encargo e/ou en colaboración con outros organismos ou institutos.

As áreas de investigación do observatorio son as bibliotecas públicas, cine, exposicións, museos, empresas culturais e creativas, participación cultural, recursos económicos e o entretemento en vivo.

O principal produto da actividade da institución é o Informe Anual, elaborado polo Observatorio dende 1998, que representa unha ferramenta de interpretación do panorama cultural piamontés e permite realizar comparacións a nivel suprarrexional.

As enquisas e proxectos especiais exploran aspectos cualitativos ou cuantitativos, verifican a viabilidade e sustentabilidade de proxectos con vocación cultural e analizan aspectos menos coñecidos do sector.

Nome e ligazón	L'A. Agence culturelle Nouvelle-Aquitaine (Francia)	
Ámbito territorial	Nouvelle-Aquitaine (Francia)	
Temática	Cultura, arte	
Interese	★★	

L'A. Agence culturelle Nouvelle-Aquitaine (Francia) é unha asociación financiada polo Ministerio de Cultura (DRAC) e a Rexión de Nouvelle-Aquitaine. A organización informa e pon en valor a vida cultural desta rexión francesa a través da observación dos sectores culturais e artísticos, o apoio de promotores e organizadores de proxectos, a animación do diálogo social e a produción de recursos.

As accións que desenvolve dende a axencia son as seguintes: a elaboración de dossiers temáticos culturais; a posta a disposición da cidadanía de recursos en liña: estudos, mapas, enquisas, informes de localización; difusión de novas dixitais; acompañamentos e asesoramento a profesionais e territorios; realización de xornadas profesionais; creación de grupos de traballo sobre cultura e diferentes actividades formativas.

Os seus proxectos poden ser visualizados na páxina web da institución e destacan os seguintes:

- Enquisas (incluídas as enquisas participativas) sobre as artes plásticas, a industria musical actual, a participación no proceso creativo.
- Bases de datos sobre profesionais de artes escénicas en Nova Aquitania
- Diferentes publicacións especializadas como o *Financiamiento público da cultura, 20 conceptos e cifras clave da actuación dos espectáculos ao vivo...*
- Mapas temáticos de equipamento artístico, festivais de actuacións en directo, salas de emisión, etc.

Observatorios culturais no resto do mundo



Relación dos observatorios culturais analizados no presente informe
en Europa e no resto do mundo

Nome e ligazón	Observatorio Iberoamericano de Museos (OIM)	
Ámbito territorial	Iberoamérica	
Temática	Museos	
Interese	★★	

Institución que xorde en 2012 para incentivar a investigación e mellorar a xestión de institucións e procesos museolóxicos en Iberoamérica. O OIM promove o traballo colaborativo entre os países membros de Ibermuseos, desenvolvendo investigacións, creando ferramentas coas que mellorar a xestión e reforzando o coñecemento sobre o sector museístico en América Latina.

O Observatorio Iberoamericano de Museos conta cunha Mesa Técnica integrada por representantes dos 14 países membros do Consello Intergubernamental do Programa Ibermuseos: Arxentina, Brasil, Chile, Colombia, Costa Rica, Cuba, Ecuador, O Salvador, España, México, Perú, Portugal, República Dominicana e Uruguai. Os seus proxectos están dirixidos a todos os países iberoamericanos.

Nome e ligazón	Observatorio Iberoamericano de Cultura (OIBC)	 Observatorio Iberoamericano de Cultura Observatório Ibero-americano de Cultura
Ámbito territorial	Iberoamérica	
Temática	Museos	
Interese	★★★	

O Observatorio Iberoamericano da Cultura (OIBC) é unha iniciativa que xorde das propostas recollidas na XVIII Conferencia Iberoamericana de Cultura, celebrada en 2016 e realizada pola Organización de Estados Iberoamericanos (OEI).

O seu obxectivo é promover espazos de cooperación cultural baseados na recollida, sistematización e difusión da cultura. A súa finalidade é fortalecer os sistemas de información cultural, promover o establecemento de estratexias de difusión e elaborar documentos para actualizar a información rexional sobre a materia.

Os eidos de traballo do OIBC son as seguintes:

- Xeración de información cultural sobre institucionalidade cultural, estatísticas e enquisas culturais e estudos temáticos.
- Estudos de Cultura e Desenvolvemento na rexión iberoamericana (C+D).
- Elaboración da Conta Satélite de Cultura.
- Xestión e mantemento do portal Iberoamericano de Dereito á Cultura.
- Mecanismo de intercambio de Boas prácticas de Políticas Culturais Sur-Sur

Nome e ligazón	Observatorio Latinoamericano de Gestión Cultural - OLGC	
Ámbito territorial	América Latina	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

Institución creada a partir da rede Latinoamericana de Xestión Cultural a través da Universidade de Guadalajara (México), a Universidade Nacional de Colombia (Colombia), a Universidade Nacional de Avellaneda (Arxentina) e a Universidade de Santiago de Chile.

O OLGC ten como obxectivo principal identificar, documentar e analizar as tendencias da xestión cultural en América Latina mediante a xeración dun sistema de xestión do coñecemento e da información que permita definir modelos, indicadores, escenarios que sirvan para mellorar os procesos de formalización da xestión cultural como ámbito disciplinar e profesional.

A OLGC consiste nun sistema integrado de xestión da información, do coñecemento e da aprendizaxe que permite analizar e mellorar as prácticas formativas, de investigación, asociativas e profesionais dos xestores culturais en América Latina. Para a súa formación, organización e funcionamento, apóstase por un traballo colaborativo entre os distintos organismos promotores, pero tamén pola participación aberta e autoxestionada dos diferentes usuarios en función das súas diversas necesidades de información, documentación e uso de datos.

Nome e ligazón	Observatorio interamericano de políticas culturales	
Ámbito territorial	Iberoamérica	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★	

O Observatorio naceu como proxecto no 2003, co obxectivo de ser unha ferramenta para fortalecer o sector cultural e realizar o seu inmenso potencial no desenvolvemento e integración rexional. Neste sentido, o Observatorio artéllase cunha canle de información e comunicación para todos os vinculados á cultura en América.

A creación desta institución foi proposta dentro da Comisión Interamericana de Cultura, que pertence á Organización dos Estados Americanos da que forman parte 35 países. O seu obxectivo inicial foi proporcionar aos Ministros e Máximas Autoridades de Cultura e á Comisión Executiva Permanente do Consello Interamericano para o Desenvolvemento Integral, a información cualitativa, cuantitativa e relevante elaborada polo Observatorio para garantir que o proceso de toma de decisións sexa informado e pertinente.

A web desta institución actualizouse por última vez no ano 2004.

Nome e ligazón	Observatory of cultural policies in Africa - OCPA	
Ámbito territorial	África	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★★	

É unha organización non governamental panafricana independente, nacida en 2020, que ten como obxectivo mellorar o desenvolvemento das políticas culturais nacionais en África e a súa integración nas estratexias de desenvolvemento humano a través do apoio e promoción do intercambio de información, a investigación, a creación de capacidades e a cooperación a nivel rexional e internacional.

En 2013 a OCPA foi recoñecida como socia oficial da UNESCO, mantendo ambas unha estreita colaboración.

A institución conta ademais cunha web onde se ofrece acceso a unha ampla gama de información cultural africana.

Nome e ligazón	Observatório de Museus e Centros Culturais - OMCC (Brasil)	
Ámbito territorial	Brasil	
Temática	Museos	
Interese	★	

O Observatorio de Museos e Centros Culturais (OMCC) é un proxecto desenvolvido polo Departamento de Museus e Centros Culturais do Instituto do Patrimônio Histórico e Artístico Nacional (Demu/Iphan) e polo Museu da Vida da Casa de Oswaldo Cruz/Fiocruz (Fundação Oswaldo Cruz) en parceria coa Escola Nacional de Ciências Estatísticas (ENCE/IBGE), o Museu de Astronomia e Ciências Afins (MAST/MCT) e a Superintendência de Museus de Minas Gerais.

O observatorio defínese como unha tecnoloxía para xestionar e construír información e coñecemento sobre os museos e as súas relacións coa sociedade, desenvolvida en colaboración entre museos, institucións de investigación e xestión pública. Propón un servizo e programa de investigación orientado a ampliar a reflexión sobre os museos, co obxectivo de apoiar as políticas públicas, ademais de apoiar a xestión das institucións museísticas. Realiza investigacións, constrúe e alimenta bases de datos, promove a formación e a capacitación e elabora accións para dar a coñecer os seus produtos para investigadores, profesionais do ámbito museístico e áreas afíns, para xestores e formuladores de políticas públicas sectoriais e para a sociedade en xeral.

Os seus obxectivos son os seguintes:

- Realizar e estimular a produción periódica de datos sobre museos.
- Mapear e difundir coñecementos, prácticas, aproximacións teóricas e metodolóxicas diversas sobre á realidade dos museos.
- Contribuír a ampliar o debate e a reflexión sobre o papel dos museos na sociedade.

A documentación máis actualizada do seu portal web é do ano 2008.

Nome e ligazón	O Observatório da Diversidade Cultural - ODC (Brasil)	
Ámbito territorial	Brasil	
Temática	Diversidade Cultural	
Interese	★	

O Observatorio da Diversidade Cultural (ODC), constituído en 2007, é unha organización non governamental, con sede en Belo Horizonte e integrada nun grupo de investigación, que desenvolve proxectos e accións de formación, investigación, difusión da información e consultaría.

Os seus obxectivos son producir e difundir información cualificada, desenvolver investigacións que xeren coñecemento crítico, levar a cabo procesos de formación e prestar asesoramento no ámbito interdisciplinar da protección e promoción da diversidade cultural e as súas conexións coas políticas culturais, a xestión cultural, os procesos de mediación, a memoria e patrimonio, educación, sanidade, medio ambiente, etc.

Na súa plataforma web pódense atopar diferentes publicacións científicas como a *Pesquisa Domiciliar sobre Percepção e Visita a Museus* (2008); *A presença feminina nos museus: perfil sociocultural e modalidades de visita* (2008); *Relatório da Pesquisa-Opinião 2006/2007: análise descritiva dos dados agregados dos museus participantes da pesquisa em São Paulo* (2007).

Os datos máis actualizados da web son do ano 2008.

Nome e ligazón	Observatório Itaú Cultural. Brasil	
Ámbito territorial	Brasil	
Temática	Cultura, arte, industrias creativas	
Interese	★★	

O Observatorio Cultural Itaú nace en 2006 e defínese como un espazo orgánico de investigación, formación e reflexión sobre o sector cultural. Mediante accións dirixidas a artistas, xestores, investigadores, estudantes e produtores, fomenta os debates sobre producións artísticas e culturais, e contribúe ao pensamento crítico sobre a formulación de políticas culturais.

Dende a súa creación ofrece actividades teóricas e prácticas, reflexivas e académicas, cunha sólida base conceptual e metodolóxica e cunha ampla bibliografía de referencia.

Dende a institución édítase a [revista observatorio](#) e a colección [Livros do Observatório](#) accesibles dende a web. Conta tamén cun cunha sección denominada [Panel de Datos](#), onde se traza o panorama económico dos sectores cultural e creativos brasileiros a través de catro eixos de análise: mercado de traballo e emprendemento; indicadores socioeconómicos; gastos públicos en cultura e comercio internacional.

Nome e ligazón	Observatorio cultural (Chile)	 Observatorio Cultural
Ámbito territorial	Chile	
Temática	Cultura e participación cultural	
Interese	★★★	

O Observatorio Cultural de Chile (OC) é un proxecto do Departamento de Estudos da Subsecretaría de Culturas e Artes do Ministerio de Culturas, Artes e Patrimonio, dependente do goberno de Chile, que busca procesar, unificar e dar sentido aos datos do sector artístico-cultural do país almacenados en diversas institucións públicas e privadas.

Desta maneira pretende contribuír ao coñecemento, á reflexión, ao debate e á toma de decisións sobre o ámbito cultural e artístico de Chile a partir dunha información fiable, oportuna e relevante.

Na súa plataforma web ofrece a posibilidade de acceder a diversas [estadísticas culturais](#); [enquisas de participación cultural](#); [documentos metodolóxicos](#); estudos e publicacións sobre [cultura](#), [patrimonio](#); [políticas culturais](#); un [mapa de rexistro de axentes culturais](#); [entrevistas a expertos](#) e unha sección dedicada á [participación cultural](#).

Nome e ligazón	Observatorio de Patrimonio Cultural y Arqueológico - OPCA (Colombia)	 Observatorio del Patrimonio Cultural y Arqueológico
Ámbito territorial	Colombia	
Temática	Patrimonio cultural, arqueoloxía	
Interese	★★	

O Observatorio do Patrimonio Cultural e Arqueolóxico é un grupo de traballo da Universidade dos Andes, con autonomía propia, dedicado á reflexión, investigación e análise da temática do patrimonio cultural e arqueolóxico.

Dende o marco institucional que ofrece a Universidade, OPCA reúne actores dos distintos sectores da vida sociocultural do país, así como académicos, profesionais e estudantes de diversas disciplinas, proporcionando un espazo de diálogo aberto e construtivo arredor do tema do patrimonio cultural e arqueolóxico.

Nome e ligazón	Dirección del Observatorio y Gestión del Conocimiento Cultural - DOGCC (Colombia)	
Ámbito territorial	Colombia	
Temática	Cultura urbana	
Interese	★★★	

A Dirección do Observatorio e Xestión do Coñecemento Cultural, anteriormente denominada observatorio de culturas, nace en 1995 como Observatorio de Cultura Urbana. É un departamento da Subsecretaría Distrital de Cultura Cidadá e Xestión do Coñecemento da Consellería de Cultura, Recreo e Deporte do goberno de Colombia cuxo obxectivo é xerar, analizar, socializar e promover o uso social dos coñecementos relacionados coas prácticas e expresións culturais da cidade. Ten como obxectivo analizar, socializar e promover o uso social do coñecemento relacionado coas prácticas e expresións culturais das cidades.

A Dirección, no marco das súas funcións, xestiona, produce e difunde o coñecemento a partir dos datos e informacións analizados, constrúe metodoloxías para as investigacións e medicións que realiza para a constante definición e redefinición do ámbito cultural e do sector da cultura.

Na web da institución pódense atopar resultados de ["medicións"](#) sobre prácticas culturais; [boletíns temáticos](#); [investigacións realizadas](#) dende a Dirección e [infografías](#) culturais.

Nome e ligazón	El Observatorio de Patrimonio Cultural, MIA (Material, Inmaterial y Arqueológico) (Colombia)	
Ámbito territorial	Colombia	
Temática	Patrimonio Cultural, etnoarqueoloxía	
Interese	★★	

O observatorio de Patrimonio Cultural é un proxecto da Fundación Erigaie, creada en 1986 como grupo de investigación centrado nos procesos de interacción entre grupos humanos e medio ambiente, con base no desenvolvemento de estudos etnoarqueolóxicos e ambientais na rexión amazónica.

O Observatorio realiza análises críticas dos procesos sociais, políticos e económicos promovidos na instrumentalización do discurso do patrimonio cultural, ao tempo que produce conceptos científicos e fomenta espazos de debate sobre a política cultural en Colombia. Este traballo realízase dende unha perspectiva transdisciplinar na que a antropoloxía, os estudos culturais e a historia xogan un papel fundamental xa que permiten demostrar as relacións entre cultura, política e economía que subxacen a estes procesos.

Nome e ligazón	Observatorio Universitario de Políticas Culturales - OBUPOC (Uruguay)	Centro de Estudios Interdisciplinarios Latinoamericanos - Observatorios - Observatorio Universitario de Políticas Culturales
Ámbito territorial	Uruguai	
Temática	Políticas culturais	
Interese	★	

O OBUPOC é un programa de investigación a nivel universitario, que nace en 2002 e que está integrado no Centro de Estudios Interdisciplinarios Latinoamericanos, pertencente á Facultade de Humanidades e Ciencias da Educación

Consiste nun sistema de información e análise de diferentes actividades culturais realizadas no Uruguai. A súa finalidade é caracterizar e avaliar tanto o imaxinario como o consumo cultural e os medios de comunicación de masas a nivel nacional, rexional e comunal, dun xeito amplo, con capacidade de actualización periódica. Desta maneira enche un baleiro xa que non existe un equivalente a nivel universitario ou cunha tradición investigadora similar.

A última investigación realizada polo observatorio e referenciada no portal web é do ano 2009 e titúlase *II Informe sobre Imaxinarios e consumo cultural en Uruguay.*

Nome e ligazón	Sistema de Información Cultural - SIC (México)	
Ámbito territorial	México	
Temática	Cultura, Patrimonio cultural	
Interese	★★★	

O Sistema de Información Cultural (SIC) é a plataforma do Ministerio de Cultura do goberno de México que reúne e ofrece información sobre o patrimonio e os recursos culturais do país, que están ao servizo da poboación. Dende a súa creación en 1995, o SIC contou coa participación de profesionais de centros de investigación, funcionarios públicos do sector cultural tanto do goberno federal como de entidades federais, e expertos de diversos organismos nacionais e internacionais. A súa colaboración permitiu deseñar os parámetros cos que se recuperan e sistematizan os datos das distintas temáticas que conforman o SIC.

Dende a plataforma web do SIC ofrécense unha ampla serie de [datos abertos](#) con listaxes descargables organizadas tematicamente (espazos culturais; patrimonio; educación e investigación; festivais, feiras e festividades; convocatorias; Cultura popular e indíxena; produción editorial e medios; institucións culturais). Eses mesmos datos poden ser visualizados tamén en [mapas temáticos](#) acompañados de infografías.

Ao mesmo tempo na web aparecen diferentes [publicacións](#) do SIC sobre información cultural e diferentes [enquisas](#) realizadas entre 2007 e 2015.

Nome e ligazón	South African Cultural Observatory - SACO (Sudáfrica)	
Ámbito territorial	Sudáfrica	
Temática	Cultura, arte, patrimonio	
Interese	★★	

O South African Cultural Observatory (SACO) é unha institución creada en 2014 polo Departamento de Deportes, Artes e Cultura da República de Sudáfrica, en colaboración coa Universidade de Rodas e a Universidade de KwaZulu-Natal. Trátase dun proxecto de investigación estatística e socioeconómica que analiza o impacto socioeconómico dos sectores das artes, a cultura e o patrimonio (ACH) e as industrias culturais e creativas (ICC) en Sudáfrica.

O SACO utiliza un conxunto de metodoloxías estatísticas innovadoras, auditorías e ferramentas de investigación para comprender a economía creativa sudafricana. O seu obxectivo principal é o desenvolvemento dun sistema de información cultural integral que capte continuamente datos culturais e monitorice e avalíe as iniciativas gobernamentais nos sectores ACH e CCI.

Nome e ligazón	Observatoire de la Culture et des communications du Québec (Canadá)	
Ámbito territorial	Québec (Canada)	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

O *Observatoire de la culture et des communications du Québec* é un departamento que forma parte do *Institut de la statistique du Québec*, institución nacida en 1998. A súa misión é producir e difundir información estatística sobre o sector da cultura en Quebec, a fin de responder ás necesidades dos organismos gobernamentais, as organizacións e as asociacións que participan no sector, así como as necesidades dos investigadores e das persoas interesadas nos diversos ámbitos da cultura.

Neste sentido o observatorio elabora estatísticas sobre traballadores e postos de traballo na cultura; a venda de libros e gravacións musicais; a asistencia a espectáculos, museos e cines; o gasto en cultura do Goberno e dos concellos; as bibliotecas públicas, etc.

Nome e ligazón	Observatório da cultura do Porto Alegre (Brasil)	 OBSERVATÓRIO DA CULTURA
Ámbito territorial	Porto Alegre (Brasil)	
Temática	Cultura	
Interese	★	

O Observatorio da Cultura naceu no ano 2010 como iniciativa da Concellería Municipal de Cultura de Porto Alegre. A súa misión é ser un centro de referencia para a toma de decisións en Política Cultural e promover a importancia da cultura e das artes para o desenvolvemento social e económico, a través da produción, estudo e difusión de información.

Entre os seus obxectivos principais están a creación e mantemento dun banco de datos xeoreferenciado sobre actividades artísticas e culturais; monitorizar o impacto das políticas e accións culturais; desenvolver indicadores a partir da recolleita e interpretación de datos sobre a cultura e apoiar a capacitación de axentes culturais.

Este observatorio estivo en funcionamento ata novembro de 2019.

Nome e ligazón	Observatorio cultural da Universidade de Bos Aires (Arxentina)	Observatorio Cultural - OC
Ámbito territorial	Bos Aires (Arxentina)	
Temática	Cultura	
Interese	★★	

Este observatorio cultural é un centro de investigación da Facultade de Ciencias Económicas da Universidade de Bos Aires, creado no ano 1997. A súa misión é contribuír á profesionalización do ámbito cultural mediante o fomento da investigación, o desenvolvemento de estudos disciplinarios, programas de formación e actualización permanente e esquemas de asistencia técnica, destinados a lexitimar e fortalecer o ámbito da administración e a xestión do sector cultural e creativo.

Para conseguir tales fins, o Observatorio Cultural procura difundir e espertar o interese dos poderes públicos, asociacións empresariais, colectivos obreiros, organizacións profesionais e a sociedade sobre a importancia do sector cultural; reforzar o potencial da cultura como factor de integración social e desenvolvemento económico; dar a coñecer a problemática das distintas ramas do sector cultural; colaborar coa formación de expertos e investigadores especializados no ámbito da economía cultural, a xestión cultural e a administración de organismos do sector cultural e creativo; contribuír á profesionalización do ámbito cultural mediante un conxunto de proxectos, ferramentas e servizos especializados.

Táboa de observatorios culturais en España

Nº	Observatorio	Ámbito territorial	Temática	Interese
1	Instituto del Patrimonio Cultural de España (IPCE)	España	Patrimonio cultural	★★★
2	Instituto Andaluz del Patrimonio Histórico (IAPH)	Andalucía	Patrimonio Cultural	★★★
3	Observatorio de Museos de España (OME)	España	Museos	★★
4	Observatorio ICOMOS del Patrimonio	España	Patrimonio Cultural	★★
5	Observatorio para a Investigación en Conservación	España	Conservación e Restauración	★★
6	Laboratorio Permanente de Público de Museos	España	Museos	★★
7	Oikos. Observatorio Andaluz para a Economía da Cultura e o Desenvolvemento	Andalucía	Cultura	★
8	Observatorio Cultural do Proxecto Atalaya	Andalucía	Cultura e Universidade	★★
9	Observatorio Cultural da Provincia de Cádiz, Tavira: Vigía	Cádiz	Cultura	★
10	Observatorio da Cultura Local en Andalucía	Andalucía	Cultura local	★
11	Observatorio da Cultura	Concello de Zaragoza	Cultura	★★
12	Interarts. Observatorio de Políticas Culturais Urbanas e Rexionais	Internacional	Cultura, Políticas Culturais	★★
13	Observatorio Estremeño da Cultura	Extremadura	Cultura	★★★
14	Observatorio da Cultura de Murcia	Murcia	Cultura	★
15	Observatorio vasco da Cultura	Euskadi	Cultura	★★★
16	Observatorio da Cultura Galega	Galicia	Cultura	★★★
17	Observatorio dos Públicos do Patrimonio Cultural de Cataluña (OPPCC)	Cataluña	Museos e Patrimonio Cultural	★★★
18	Observatorio Navarro da Cultura	Navarra	Cultura	★★★
19	Observatorio Valenciano da Cultura	Valencia	Cultura	★★★
20	Observatorio de Educación Patrimonial en España (OEPE)	España	Educación Patrimonial	★★★

Nº	Observatorio	Ámbito territorial	Temática	Interese
21	Observatorio de igualdade de xénero na cultura	España	Cultura e Igualdade de Xénero	★★★
22	Observatorio do Patrimonio Etnolóxico e Inmaterial	Cataluña	Patrimonio Cultural e Etnoloxía	★★
23	Observatorio de Cultura e Comunicación da Fundación Alternativas	España, Unión Europea, América Latina	Cultura e Comunicación	★★
24	Observatorio Aragonés de Arte en la Esfera pública - OAAEP	Aragón	Arte	★★

Observatorios culturais en Europa

Nº	Observatorio	Ámbito territorial	Temática	Interese
1	Regional observatory on culture in east-central Europe	Europa central e oriental	Políticas culturais	★
2	COMPENDIUM, Cultural Policies and Trends in Europe	Europa	Políticas culturais	★★
3	Observatório Português das Atividades Culturais - OPAC (Portugal)	Portugal	Cultura	★★★
4	Observatoire des politiques culturelles - OPC(Bélgica)	Bélxica	Políticas culturais	★★
5	Arts Council England (Gran Bretaña)	Inglaterra	Arte e Industrias creativas	★★
6	Research Centre for Museums and Galleries (Gran Bretaña)	Reino Unido	Museos	★★
7	ECCOM - European Centre for Cultural Organisation and Management (Italia)	Europa	Innovación cultural	★★
8	Observatorio Cultural do Piemonte	Piemonte (Italia)	Cultura	★★
9	L'A. Agence culturelle Nouvelle-Aquitaine	Rexión de Nouvelle-Aquitaine (Francia)	Cultura e Arte	★★

Táboa de observatorios culturais no resto do mundo

Nº	Observatorio	Ámbito territorial	Temática	Interese
1	Observatorio Iberoamericano de Museos (OIM)	Iberoamérica	Museos	★★
2	Observatorio Iberoamericano de Cultura (OIBC)	Iberoamérica	Cultura	★★★★
3	Observatorio Latinoamericano de Gestión Cultural - OLGC	América Latina	Cultura	★★
4	Observatorio interamericano de políticas culturales	Iberoamérica	Políticas culturais	★
5	Observatory of cultural policies in Africa - OCPA	África	Políticas culturais	★★
6	Observatório de Museus e Centros Culturais - OMCC (Brasil)	Brasil	Museos	★
7	O Observatório da Diversidade Cultural - ODC (Brasil)	Brasil	Diversidade Cultural	★
8	Observatório Itaú Cultural. Brasil	Brasil	Cultura, Arte e Industrias creativas	★★
9	Observatorio cultural	Chile	Cultura e Participación cultural	★★★★
10	Observatorio de Patrimonio Cultural y Arqueológico - OPCA (Colombia)	Colombia	Patrimonio Cultural e Arqueoloxía	★★
11	Dirección del Observatorio y Gestión del Conocimiento Cultural - DOGCC (Colombia)	Colombia	Cultura urbana	★★★★
12	El Observatorio de Patrimonio Cultural, MIA (Material, Inmaterial y Arqueológico). Colombia	Colombia	Patrimonio Cultural e Etnoarqueoloxía	★★
13	Observatorio Universitario de Políticas Culturales - OBUPOC (Uruguay)	Uruguay	Políticas culturais	★
14	Sistema de Información Cultural - SIC (México)	México	Cultura e Patrimonio cultural	★★★★
15	South African Cultural Observatory - SACO (Sudáfrica)	Sudáfrica	Cultura, Arte e Patrimonio	★★
16	Observatoire de la Cultura et des communications du Québec (Canadá)	Québec (Canadá)	Cultura e Comunicación cultural	★★
17	Observatório da cultura do Porto Alegre (Brasil)	Porto Alegre (Brasil)	Cultura	★
18	Observatorio cultural da Universidade de Bos Aires (Arxentina)	Bos Aires (Arxentina)	Cultura	★★

Marco normativo e un contexto de intervención

3

Esta lei ten por obxecto a protección, conservación, acrecentamento, difusión e fomento do patrimonio cultural de Galicia, de forma que lle sirva á cidadanía como unha ferramenta de cohesión social, desenvolvemento sustentable e fundamento da identidade cultural do pobo galego, así como a súa investigación, valorización e transmisión ás xeracións futuras.

Lei do patrimonio cultural de Galicia

Titulo preliminar, Artigo 1. Obxecto e definición

Comezando polos antecedentes, hai que ter en conta que a **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación profesional e Universidades** é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponde a coordinación das actuacións en materia de patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico en todas as súas manifestacións, así como en materia de museos;

que, a través dos seus departamentos, **se encarga**:

1. Da protección, conservación e recuperación dos Camiños de Santiago
2. Da promoción e xestión de actuacións arqueolóxicas
3. Da conservación e difusión das coleccións museográficas
4. Das obras de conservación e restauración do patrimonio histórico promovidas pola Xunta de Galicia

sendo ademais responsable:

5. Dos procedementos vinculados co réxime xurídico de protección do patrimonio cultural
6. Da xestión para as declaracións de bens de interese cultural
 - 6.1. Do catálogo e inventario do patrimonio
7. Dos informes sobre o mesmo que poidan ser requiridos polas autoridades competentes

e que xa existen, como recolle o **Artigo 7** da propia Lei autonómica unha serie de **órganos asesores e consultivos**, empezando polo **Consello da Cultura Galega**, con consideración dupla: asesora e consultiva, continuando polos **Órganos asesores en materia de patrimonio cultural**:

- a. O Consello Superior de Valoración de Bens Culturais de Interese para Galicia
- b. A Comisión Mixta Xunta de Galicia-Igrexa Católica
- c. Os Consellos Territoriais de Patrimonio Cultural de Galicia
- d. O Consello Asesor dos Camiños de Santiago
- e. A Comisión Técnica de Arqueoloxía
- f. A Comisión Técnica de Etnografía
- g. Cantos outros se determinen regulamentariamente con carácter xeral ou con carácter específico

e rematando polos **Órganos consultivos en materia de bens culturais**:

- a. A Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario
- b. O Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento
- c. As universidades integrantes do Sistema Universitario de Galicia

todo isto, sen prexuízo das consultas que por razón da materia ou coñecemento experto se lles poidan realizar a especialistas na materia ou a outras institucións, entidades culturais ou organismos profesionais.

En resumo, a Comunidade Autónoma ten unha estrutura dotada con medios e mecanismos suficientes para cumprir con solvencia as súas funcións. Pero, como é lóxico, a complexidade actual require unha mellora e adaptación constante das ferramentas empregadas na xestión pública que, en calquera caso, deben ser en cada momento as máis aquelas para a mellora da función pública e o rendemento dos recursos dispoñibles.

Neste apartado, establécese un **marco normativo e un contexto de intervención** previo para **xustificar xurídica e tecnicamente** a conveniencia de crear o Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia. Un instrumento, neste caso, que estará centrado nos eidos da innovación e a educación patrimonial, seleccionando e ordenando a información, xerando coñecemento e promovendo a difusión adaptativa das mellores prácticas na xestión do noso legado sobranceiro, co obxectivo de acadar unha mellor salvagarda, activación e posta en valor deste herdo cultural e un desenvolvemento comunitario o máis sustentable posible.

O Observatorio alíñase dende a súa concepción, misión e obxectivos co obxecto da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, desenvolvendo e permitindo dar cumprimento a múltiples aspectos previstos na devandita norma relacionados co estudo, a difusión e o fomento. En concreto, ao previsto no **Título IX**, que regula o fomento do patrimonio cultural de Galicia, establecendo as medidas esenciais para a súa difusión e, dun xeito, específico ao **Artigo 122. Difusión, formación e educación**, impulsando dende o Observatorio:

coñecemento

difusión

promoción

aprecio

formación

investigación

- **O coñecemento** do patrimonio cultural e a **difusión** das actividades e medidas para a súa salvagarda
- **A promoción do coñecemento do patrimonio cultural de Galicia** no sistema educativo, así como a formación, ensinanza e investigación nas materias relativas ao seu estudo, conservación e enriquecemento
- **O aprecio** á súa conservación e **valorización como ferramenta para a convivencia e a cohesión social**
- **A formación e a investigación** nas materias relativas ao estudo, a conservación e o enriquecemento do patrimonio cultural de Galicia

Por outra banda, tal como prevé o **Artigo 2.3 do Título preliminar**, o Observatorio orientará sobre unha posible **integración da protección do patrimonio cultural nas políticas sectoriais** de:

- Educación
- Investigación
- Ordenación do territorio
- Urbanismo
- Paisaxe
- Conservación da natureza
- Desenvolvemento rural
- Desenvolvemento turístico
- Así como naquelas que supoñan a xestión do dominio público

E, para rematar xa coa Lei de patrimonio autonómica, no relativo ao expresado no **Artigo 3. Colaboración interadministrativa do Título preliminar**, o Observatorio será de utilidade, tanto

- **No intercambio de información cultural, técnica e científica con organismos nacionais e estranxeiros**, e na súa conservación, fomento e desfrute, **estimulando para iso a participación activa de toda a sociedade**

como

- **No fomento das accións precisas para garantir** o acceso ao patrimonio cultural, a súa protección, **a súa difusión e a súa investigación** e, de ser o caso, a súa recuperación.



Por outra banda, cómpre sinalar que **coa creación do Observatorio dáse cumprimento a terceira (de catro) das Ideas forza transversais** que xurdiron por consenso entre os e as membros e participantes do *Foro Patrimonio e Sociedade*, organizado polo xa citado Consello da Cultura Galega. A saber: "3. Creación dun Observatorio de Patrimonio (cunha sección dedicada á Educación Patrimonial"⁸.

Así mesmo, o Observatorio vén tamén a cubrir a unha parte significativa das recomendacións recollidas no devandito Foro, en concreto **no apartado 8 do Eixe temático 2. Educación e aprendizaxe ao longo da vida:**

- Crear (...) un **Observatorio de educación patrimonial de Galicia** a través do cal se poida avaliar a presenza do patrimonio cultural no ensino, así como apoiar o labor do profesorado. (A través da inclusión da **Educación patrimonial** como unha sección cun **grupo de traballo permanente** dentro do Observatorio).

e no **apartado 3 do Eixe temático 3. Administración e xestión do Patrimonio:**

- **Potenciar a difusión das actuacións no campo do patrimonio** por medio da mellora da información contida en repositorios, de xeito que se abonde na necesidade do consenso e a coordinación nas actuacións no campo do patrimonio cultural, á vez que se cree un **observatorio de boas prácticas** en relación coa difusión das actuacións no campo do patrimonio, a transferencia de coñecemento, o establecemento de marcos de consenso e a coordinación das actuacións.

A maiores, o Observatorio afondará e axudará a:

- **Fomentar a modernización do sector** do patrimonio, aumentando a sensibilización e atraendo a públicos novos
- **Aplicar un enfoque estratéxico** á investigación e á innovación, o intercambio de coñecementos e a especialización intelixente
- **Aproveitar as oportunidades que ofrece a dixitalización**
- **Chegar a novos públicos e atraer, en particular, á xente moza**
- **Identificar as necesidades** en materia de competencias e mellorar a formación dos profesionais do patrimonio
- **Seguir desenvolvendo modelos de interpretación e gobernanza máis participativos e mellor adaptados** á Europa de hoxe en día, a través dunha maior implicación do sector privado e da sociedade civil

Obxectivos todos eles que a **Comisión Europea expresa e comunica** ao Parlamento Europeo, ao Consello, ao Comité Económico e Social Europeo e ao Comité das Rexións no documento "Cara a un enfoque integrado do patrimonio cultural europeo".

⁸ Blanco-Rotea, Nieto Freire e Sánchez-Carretero (eds.), 2021, p. 204.

Unha das principais circunstancias que favorecen a creación de observatorios é a necesidade de ofrecer unha fonte de información global, sistematizando as diferentes fontes de información existentes. Neste sentido, os observatorios da cultura, mediante a implantación de sistemas de información integrais, realizan unha explotación intelixente e conversión en coñecemento da información (datos, estatísticas e indicadores) captada a través de diversas fontes.

A principal función dos observatorios é a transferencia, o acceso á información e o coñecemento. Para levar a cabo este cometido adoptan diferentes perfís configurados por distintas temáticas, niveis de desenvolvemento dos sistemas de información, recursos informativos e modelos de funcionamento respecto ao alcance territorial. Os observatorios aproxímanse á cultura dende múltiples puntos de vista, ofrecendo unha mirada completa, parcial ou transversal aos sistemas culturais, dando lugar a organismos de carácter xeral ou especializado⁹.

A misión e obxectivos dos observatorios é un tema de debate permanente na literatura científica Amanexada¹⁰. En xeral, pode dicirse que as misións dos observatorios son similares, aínda que as variables xeográficas, históricas, culturais e legais supoñen a concreción de estruturas diferentes. Entre as funcións destacadas está a **recompilación de datos**, a **elaboración de indicadores** e o **fomento do debate profesional**. O intercambio e provisión de información cualitativa (monografías, inventarios etc.) ou cuantitativa (enquisas, estudos estatísticos etc.) son así mesmo competencias recorrentes nos observatorios culturais europeos.¹¹ Dun ou doutro xeito estamos a falar de ferramentas de **investigación e difusión**. Porén, abondosos observatorios realizan tamén tarefas de **transmisión da información e coñecemento** mediante foros, encontros e conferencias, desenvolvendo un elo funcional máis da cadea de valor cultural: a **formación**.

⁹ Ortega Nuere, 2010: 75-6.

¹⁰ Cfr. Abeledo Sanchis, 2022; Ben Andrés, 2013; Giovinazzo Marín, 2013; Ortega Nuere, 2011; Ortega Nuere, 2010; Zallo, 2007.

¹¹ Cfr. Ortega Nuere, 2010, p. 54.

Segundo a investigadora Cristina Ortega, os observatorios culturais deben facilitar a transferencia e o acceso á información e ao coñecemento, sendo as súas funcións principais:

1. Fomentar o debate, promover o diálogo e contribuír á reflexión en materia patrimonial e estimular a participación social na xestión do patrimonio comunitario.
2. Facilitar a investigación patrimonial.
3. Mellorar o proceso de toma de decisións dos responsables de plans estratéxicos, xestores e técnicos.
4. Servir de apoio ás políticas culturais públicas, privadas e do terceiro sector.

E, subsidiariamente:

5. Intervir de xeito directo no proceso cultural con accións que van dende
 - a. A presentación de propostas ou recomendacións, ou o desenvolvemento de estudos de consultoría.
 - b. Á elaboración de estratexias e programas de intervención.¹²

Neste apartado defínense dende un punto de vista disciplinar a **misión**, os **obxectivos** e as **funcións** do futuro Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia (OPCGal). Aliñados, por unha banda, co reto de vangarda e **innovación na xestión do patrimonio cultural** cara ao que se orientan as políticas da Xunta de Galicia e, por outra, coas recomendacións e ideas forza transversais do Foro Patrimonio e Sociedade, impulsado polo Consello da Cultura Galega, para o establecemento dunhas **directrices compartidas arredor da xestión integral do patrimonio cultural na nosa Comunidade**, entre as que se destacan **a importancia a observación e estudo da realidade patrimonial e o impulso da educación patrimonial**.

Para establecer estes aspectos esenciais do futuro Observatorio, **acoutarase que tipo de ente será**, en función da amplitude do tema de estudo e o tipo de entidade que o promove. Isto nos permitirá ofrecer unha **definición preliminar** a partir da cal definir dun xeito solvente, progresivo e relacional a misión, obxectivos e funcións.

Atendendo ao seu **nivel de especialización**, os observatorios culturais abordan este tema de estudo desde tres enfoques diferentes, segundo a apertura ou peche do seu ángulo de visión. Hai **observatorios que estudan a cultura de forma ampla**: a Cultura ou as Políticas culturais en xeral. Existen outros organismos que se aproximan a ela ben **dende outros sectores** ben **analizando un dos seus subsistemas** (Patrimonio ou Industrias Culturais e Creativas). Por último, atópanse os **observatorios especializados** nun ámbito concreto, que se centran en temas máis específicos como a arquivística, a biblioteconomía ou a museoloxía.

As entidades que teñen impulsado a creación destes centros de observación da cultura son, fundamentalmente e nesta orde: **Institucións públicas**¹³, **Universidades**, **Organismos**

¹² Ibidem.

¹³ É preciso indicar que no estado Español nos últimos anos desenvolvéronse catro observatorios que parten de propostas establecidas en documentos de planificación estratéxica impulsados por administracións públicas. Estes son o Observatorio vasco da Cultura (2006); o Observatorio Valenciano da Cultura (2016); o Observatorio de Museos de España (2016) e o Observatorio Navarro da Cultura (2017).

internacionais e o **Sector empresarial**¹⁴. Cómpre sinalar que, a pesar da intervención de entidades de natureza diversa, a súa creación ten estado estreitamente vencellada á **formación** e á **investigación** nesta materia.¹⁵

Explica Joaquín Manuel Revert-Roldán que o patrimonio cultural xérase por adhesión, cooperación e convención dos membros que integran a comunidade. Os elementos e vestixios do pasado deveñen patrimonio como expresión dun acordo social e colectivo que se manifesta na estima e recoñecemento desa comunidade cara ás cousas e referentes culturais que teñen sentido para a vida das persoas. Isto é, **sen suxeitos culturais, non habería obxectos ou expresións patrimoniais**, o que resulta **importante para a sostibilidade patrimonial**, pero, sobre todo, **estratéxico para o desenvolvemento humano** e a obtención de logros e compromisos que se propoñen na Axenda 2030.¹⁶

O dito anteriormente incide na importancia e referenda as conclusións do *Foro Patrimonio e Sociedade* do CCG, no que se subliñou a importancia do establecemento **dunha liña de traballo específica en Educación patrimonial**. É evidente que o único xeito de avanzar na salvagarda e garantir a sustentabilidade na xestión do noso patrimonio basease na consolidación e progreso da **Educación e a formación patrimonial nos eidos formais, non formais e informais**. Posto que, sen interese de índole persoal e comunitario e valorización social, non pode haber un acordo e estima colectiva sobre o noso legado histórico e cultural.

En resumo, **a sustentabilidade patrimonial e o desenvolvemento humano asociado á cultura comeza pola Educación patrimonial das persoas, a toma de conciencia da importancia das identidades e o fomento, respecto e coidado da diversidade cultural, particularmente, entre os máis novos**.

Nesta liña sitúase a proposta formulada no *Foro Patrimonio e Sociedade* sobre a creación dun *Plan autonómico de educación patrimonial de Galicia* –que adapte os principios do [Plan Nacional de Educación y Patrimonio](#) ás particularidades da sociedade e o patrimonio galego– e **a creación dun Observatorio de Educación patrimonial de Galicia**, que realice unha análise anual das actividades de educación patrimonial na Comunidade e guíe a aplicación das súas estratexias e liñas de acción.

En concreto, **a petición de máximos, en forma de recomendación**, tal como foi recollida no Foro, redáctase nestes termos: “Recoméndase a creación do Observatorio de Educación patrimonial en Galicia que incorpore a distintos axentes do tecido profesional que deben estar presentes nel, xa que conecta o patrimonio coa sociedade. Debe incorporar unha importante función consultiva e de seguimento, alén dos estudos e avaliacións específicas, indo máis aló das funcións que cumpre hoxe en día o observatorio nacional, que carece destas competencias. Tamén debe realizarse unha sistematización das actividades que se executan e coñecer como se realizan esas experiencias en profundidade, para o que precisan recursos para o seu funcionamento”¹⁷.

¹⁴ Tamén existen iniciativas promovidas por institucións sen ánimo de lucro como asociacións, fundacións ou ONGs.

¹⁵ Cfr. OEI, 2006.

¹⁶ Cfr. Revert-Roldán, 2022: 20.

¹⁷ Cfr. Blanco-Rotea, Nieto Freire e Sánchez-Carretero (eds.), 2021, p. 229.

Segundo isto, e tendo en conta o exposto até o momento no informe, a **DEFINICIÓN MARCO** do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia (OPCGal) refírese a:

Definición marco

Un ente focalizado na análise e estudo do subsistema do Patrimonio Cultural autonómico, impulsado pola Xunta de Galicia para a mellora continua na toma de decisións e deseño e avaliación das políticas patrimoniais; centrado, principalmente, no coñecemento ecosistémico: compilación, estudo, análise, desenvolvemento e transferencia da Innovación patrimonial e as boas prácticas de Educación neste eido. Un traballo que será desenvolto en fases e para o que se implantará un sistema de información integral, se activarán estratexias de colaboración e se establecerán redes coas que acadar un desenvolvemento humano sostible en base á excelencia na xestión deste legado.

Así, enténdese que a **MISIÓN** do Observatorio é:

Misión

Promover o estudo, xerar coñecemento e difundir as actuacións innovadoras e as boas prácticas públicas e privadas, particularmente as educativo-formativas, no patrimonio cultural galego, estimulando a participación activa da sociedade, comezando pola poboación moza, para fornecer un ecosistema concienciado e innovador co que efectuar unha salvagarda, xestión, activación e posta en valor eficiente e sustentable do noso legado cultural, respondendo aos retos presentes e prevendo os futuros.

A misión do Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia (OPCGal) pode desglosarse nos seguintes **OBXECTIVOS**:

Obxectivos

- 1. Promover a transmisión de información e a súa conversión en coñecemento potenciando o traballo en rede** nos ámbitos da Innovación e Educación patrimonial.
- 2. Estimular a participación da sociedade galega** na xestión activa e corresponsable do patrimonio.
- 3. Fomentar, recoñecer e visibilizar a innovación patrimonial e a adopción de boas prácticas** no estudo, xestión, salvagarda e activación do patrimonio cultural, **expandindo as capacidades, competencias e habilidades** neste eido.
- 4. Fornecedor de ferramentas que axuden a unha mellor xestión e salvagarda** do patrimonio cultural de Galicia.
- 5. Incentivar o desenvolvemento local e comunitario** a partir da xestión e posta en valor do seu legado cultural.

As formulación expostas nos apartados anteriores concrétanse nos seguintes **COMETIDOS PRINCIPAIS e FUNCIÓNS DESAGREGADAS**:

Cometidos e funcións

- **Identificar, compilar, analizar, divulgar, pór en valor e recoñecer proxectos e experiencias social e tecnicamente innovadores**, tanto públicas como privadas, no campo do patrimonio histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, artístico, arquitectónico e etnolóxico, así como en materia de museos, no ámbito do patrimonio cultural de Galicia e **aqueloutros relacionados coa educación patrimonial**; ocupándose así mesmo do **estudo de liñas temáticas de interese**, para o que se propón:
- **Definir unha metodoloxía de traballo específica e implantar un Sistema de Información Integral** para os eidos da Innovación e a Educación Patrimonial
- **Recompilar información e datos**, a través de cuestionarios, formularios e entrevistas, custodiándoos e xestionándoos dun xeito responsable.
- **Elaborar un Sistema de Indicadores de Innovación Patrimonial**, que proporcione información útil, fiable, consistente e apropiada sobre o sector patrimonial nos seus diferentes niveis territoriais (local e autonómico) para todos os axentes implicados. (Cfr. Carrasco Arroyo, 2006, p. 140).
- **Crear o Mapa GAlego da Innovación Patrimonial (MAGA_IP)**, unha ferramenta de análise xeográfica en liña que funcione ao tempo como censo de actuacións patrimoniais que permitan reflexionar de forma máis precisa sobre a innovación social neste sector e medir o seu alcance.
- **Establecer un Repositorio Galego de Boas Prácticas en Innovación e Educación Patrimonial**.
- **Fomentar o debate profesional**.
- **Incentivar a adopción e difusión de boas prácticas**, a través do establecemento de galardóns ou outros mecanismos de recoñecemento social.
- **Contribuír**, de xeito potestativo e non vinculante, **ao proceso de toma de decisións** dos axentes e institucións que interveñen no sector e **servir de apoio ás políticas patrimoniais do Goberno autonómico**, elaborando as propostas, estratexias ou estudos que sexan precisos.
- **Xerar informes e documentos de natureza estratéxica nos eidos da Innovación e a Educación patrimonial**, útiles para a toma de decisións nas políticas patrimoniais, cuxa orientación, en todo caso, deberá axudar ao desenvolvemento comunitario a través dunha xestión e uso eficiente, eficaz e socialmente responsable dos recursos.
- **Desenvolver estudos e traballos prospectivos**, provendo de información cualitativa (monografías, inventarios etc.) ou cuantitativa (enquisas, estudos estatísticos etc.), **en calquera outra area do patrimonio cultural** de interese para o desenvolvemento comunitario.

Marco conceptual

Logo de términos referido á misión, obxectivos e funcións é importante, para rematar este apartado e antes de pasar aos apartados relacionados co organigrama e funcionamento, establecer un marco conceptual consistente e preciso, acoutando os conceptos básicos manexados na definición e desenvolvemento do Observatorio de Innovación Patrimonial de Galicia. En concreto, defínese e categorízanse algúns dos termos esenciais para o Observatorio da Innovación Patrimonial de Galicia. Referímonos á *creatividade, a innovación, o valor, as innovacións sociais e as boas prácticas*.

O concepto de "Innovación" adoita empregarse en relación cos de "Creatividade" e "Valor". Os tres foron definidos e vencellados de xeito sintético por Manuel Castells, na introdución da obra *Another economy is possible: culture and economy in a time of crisis*:

"Entendemos a **creatividade** como a **capacidade de crear, o que significa producir un novo coñecemento ou novo significado**. Esta novidade debe ser considerada fronte ao stock de produtos científicos e culturais existente nunha determinada sociedade. A **innovación** é o proceso polo cal, a partir da creatividade, **se engade un novo valor a un produto (ben ou servizo) ou ao proceso da súa produción/distribución**. O **valor** pode ser valor **de cambio** (por exemplo, diñeiro) ou valor **de uso** (algo útil para a sociedade, para algunhas institucións, para algunha organización, para o individuo ou para un colectivo de individuos)"¹⁸.

Creatividade e innovación están **interconectadas e retroalimentanse**. En palabras de Charles Landry: "a creatividade xera ideas que, pese a que moitas son impracticables, provén unha base sobre a que traballar. **A creatividade é a condición previa para que poida desenvolverse a innovación**"¹⁹, que pode xurdir **na xestión pública, na empresa privada e no terceiro sector**.²⁰

Avanzando nesta liña, enténdense como innovacións sociais aquelas ideas formuladas dun xeito anovado, aquelas á realidade, eficientes, sustentables e que permiten cubrir diferentes necesidades mellorando ás opcións existentes.

¹⁸ "We understand creativity as the capacity to create, which is to produce a new knowledge or new meaning. This newness must be considered against the stock of scientific and cultural products existing in a given society. **Innovation** is the process by which, on the basis of creativity, new value is added to a product (good or service) or to the process of its production/distribution. Value can be exchange value (e.g. money) or use value (something useful for society, for some institutions, for some organization, for the individual, or for a collective of individuals)" Cit. Bonet, 2021, p. 65.

¹⁹ Landry, 2000, p. 15. Cit. Bonet, 2021, p. 21.

²⁰ Cfr. Ballart, 2001.

En concreto, partindo do exemplo proposto por Hesiod²¹ e ponderando as achegas e definicións realizadas no informe *La cultura como factor de innovación económica y social*²² pode dicirse que **no campo do patrimonio cultural hai innovación social cando concorre algún dos os seguintes factores:**

- **Créanse novas solucións** (produtos, servizos, modelos, procesos etc.) **que cumpren mellor os obxectivos** de conservación, xestión, difusión, defensa ou posta en valor do patrimonio cultural.
- Coa actuación en calquera das fases de xestión do patrimonio cultural **cóbreanse ademais necesidades sociais aliñadas coa consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, como o acceso á educación, á ciencia e o coñecemento, á cultura, a un emprego de calidade, ás novas tecnoloxías; ou axudan á conservación do medio ambiente, á inclusión social, á igualdade de xénero etc., **e favorécese o cumprimento da Axenda 2030.**
- **Establécense novos tipos de relacións** que melloran a capacidade da sociedade para actuar no eido do patrimonio cultural e **incorpórase á cidadanía como axente activo** nos procesos de innovación patrimonial a través dunha **maior implicación e participación** nos contextos territoriais máis próximos que incentive un **desenvolvemento local sustentable**.²³
- **Incentívase** na xestión do patrimonio cultural **o logro de metas sociais e o diálogo crítico** acerca da realidade.

Estas actividades, procesos ou proxectos innovadores poden **catalogarse**, por un lado, **en función da súa relación co mercado**, como **disruptivos** (se crean novas necesidades e produtos ou abren novos mercados) ou **incrementais** (centrados na busca de vantaxes competitivas frecuentemente a través do aumento de funcionalidades e usos); e, **en función do seu modelo paradigmático**, como **pechados** (de desenvolvemento e verificación interna, proteccionista), **abertos** (integra ideas externas e internas para procurar o avance de proxectos na cadea de valor até acadar un impacto no mercado, a través dunha estratexia de comercialización, e a sociedade), **abertos de servizos** (os maioritarios nos eidos culturais e patrimoniais. Recoñecen aos clientes como a peza básica de todo o proceso, particularmente na fase de investigación e prospectiva; o valor recae no modelo de negocio e o que antes era gratis agora ten un prezo) e **Innovación por fertilización cruzada** (os avances científicos e as tecnoloxías xeran oportunidades para combinacións interdisciplinares abrindo novos subespazos no espazo rendemento técnico e a funcionalidade. Restritivo, só presente e de xeito puntual en institucións punteiras como o Incipit)²⁴.


²¹ Cfr. <https://hesiod.eu/es/#objetivos>.

²² Cfr. Rausell (dir.) e Abeledo Sanchis, (coord.), 2012, pp. 27-30.

²³ Vid. Mulgan, Ali, Halkett, Sanders, 2007.

²⁴ Cfr. González-Piñero, pp. 36-57.

CARACTERÍSTICAS DA INNOVACIÓN SOCIAL



Por outra banda, considérase unha **boa práctica** no eido do patrimonio cultural de Galicia se a **actuación patrimonial cumpre cos seus obxectivos e comporta, a maiores, unha mellora significativa nos aspectos:**

- Da identidade e diversidade cultural.
- Da cohesión social.
- Do desenvolvemento económico sustentable.
- Da creación de emprego.
- Do coñecemento, difusión e posta en valor.
- Ou da accesibilidade universal.

Os obxectivos básicos das **boas prácticas** son:

- Acceder a experiencias e iniciativas enfocadas nos retos presentes para a súa transferencia a novos proxectos.
- Que estas experiencias, iniciativas e modelos sirvan de fontes documentais para obter datos valiosos para a xeración de coñecemento patrimonial.
- Informar de distintos marcos metodolóxicos e solucións para acometer procesos de planificación similares.

Segundo ao profesor González-Varas Ibáñez, entendemos as boas prácticas no ámbito do patrimonio cultural como **impactos tanxibles e medibles na mellora dos sistemas de xestión e planificación patrimonial que provocan efectos positivos sobre o legado e as comunidades**, de modo que poidan “servir de modelos ou referentes para adoptar decisións acertadas nestes ámbitos da actividade humana”.

Tamén de acordo co traballo de Ignacio González-Varas, unha posible proposta das principais características das boas prácticas que, á súa vez, conviría medir e analizar nos casos estudados no observatorio, incluírían unha serie de binomios:

- Innovación – Creatividade.
- Eficiencia – Eficacia.
- Sustentabilidade – Durabilidade.
- Reproducibilidade – Transferibilidade.
- Transversalidade – Interdisciplinariedade.
- Implicación da cidadanía – Procesos participativos.

En xeral, os **modelos ou normas de boas prácticas** consultados inclúen os seguintes datos. Proponse no caso do Observatorio que os primeiros (*) sexan autorrequiridos, básicos para o envío do formulario e, os seguintes, poderán ser cumprimentados de modo opcional:

PROPOSTA DE FORMULARIO DE BOAS PRÁCTICAS PATRIMONIAIS

- Título (*).
- Ámbito temático (*).
- Xeolocalización (*).
- Axente promotor e contexto de desenvolvemento (*).
- Descrición e características en canto a:
 - Obxectivos (*).
 - Destinatarios (*).
- Metodoloxía seguida (*).
- Recursos humanos, económicos e materiais (*).
- Resultados, impactos e beneficios asociados (*).
- Dificultades xurdidas no proceso (*).
- Sistemas de avaliación e validación empregados.
- Elementos precisos para a súa sustentabilidade institucional, social, económica e ambiental.
- Condicións para a súa reproductibilidade e transferibilidade.
- Documentación e recursos para a súa difusión como:
 - Manuais.
 - Directrices.
 - Códigos.
 - Guías.
 - Fichas técnicas.
 - Fotografías.
 - Vídeos.
 - Sitios de Internet.

Para obter esta información, deseñaranse cuestionarios e formularios normalizados e entrevistas semiestruturadas. Como exemplos achéganse no Anexo 1 o cuestionario *Heritage & Social Innovation* do Observatorio de Innovación Social e Patrimonio Cultural (HESIOD) e os formularios para o patrimonio material e inmaterial do Observatorio do Comité Nacional Español do Consello Internacional de Monumentos e Sitios (ICOMOS-España).

Finalmente, estas ferramentas permitirán a provisión de datos e información uniforme e comparable coa que crear un **Repositorio (base de datos) de boas prácticas patrimoniais** que ha de servir de fonte de información secundaria a partir do cal producir coñecemento xerando informes, recomendacións e documentos públicos de síntese.

CARACTERÍSTICAS DAS BOAS PRÁCTICAS



Deseñar un **organigrama básico de funcionamento interno** e un **modelo de xestión** do Observatorio, **definindo perfís profesionais do persoal e entidades públicas e privadas** que poderían participar na actividade, xestión e gobernanza deste, tendo en conta a súa titularidade autonómica.

Non existe un perfil nítido que defina o traballo dun observatorio. As súas estruturas varían en función das institucións que os impulsan, dos órganos que os constitúen e do marco de funcionamento, así como da súa natureza e ámbito de actuación²⁵. De feito, a variedade de estruturas e modelos de funcionamento teñen como consecuencia a **vasta variedade de recursos informativos** que presenta o panorama dos observatorios.²⁶

O organigrama básico debe dar resposta a través dun modelo simple e flexible ás **diferentes necesidades: directivas, administrativas, técnicas e auditoras** (diseño de indicadores, recollida, sistematización e análise da información, xestión da base de datos, produción de informes etc.), así como **de difusión e transferencia do coñecemento** (elaboración do MAPa GAlego da Innovación Patrimonial (MAGA_IP), publicacións, organización do “Premio ás Boas Prácticas Patrimoniais” etc.) e de comunicación dixital (a través dun web) do **traballo patrimonial**.

Proponse, así mesmo, que operativamente se rexa por unha serie de principios básicos fixados polos investigadores Antonio Javier González Rueda e Salvador Catalán Romero²⁷ que, en conxunto, definen un círculo virtuoso que dotan de sentido e perfeccionan o traballo que cómpre acometer:

²⁵ Cfr. OEI, 2006.

²⁶ Cfr. Ortega Nuere, 2010, p. 55.


²⁷ Cfr. Gonzalez Ruea e Catalán Romero, 2023, pp. 39-42.



O Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia (OPCGal) ha de basearse no traballo dun **equipo multidisciplinar e dependerá orgánica e funcionalmente da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude**, descansando o seu peso, primordialmente, na **Dirección Xeral do Patrimonio Cultural**, órgano ao que lle corresponde a dirección e coordinación das actuacións da Consellería en materia de patrimonio artístico, histórico, arqueolóxico, paleontolóxico, arquitectónico, etnolóxico, antropolóxico, industrial, científico e técnico en todas as súas manifestacións.

En calquera caso, para esta proposta preliminar tívose en conta o previsto no Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, incorporando funcionalmente no organigrama aos **departamentos con competencias no ámbito da innovación, a formación da mocidade e o patrimonio cultural** dentro da estrutura da Consellería:

OPCGal. Departamentos con competencias no ámbito do patrimonio cultural e a formación xuvenil dentro da Consellería



E a maiores, para o cumprimento das súas funcións **estimouse preciso a incorporación á súa estrutura de participantes alleos á propia Xunta**, que representen a institucións peritas na materia (institucións consultivas e asesoras), así como a perfís profesionais destacados no eido do patrimonio cultural ou a innovación social para garantir os principios de independencia e neutralidade.

O **Observatorio da Innovación do Patrimonio Cultural de Galicia (OPCGal)** pode funcionar a través do **Comité técnico** e en **Grupos de traballo**.



Composición do Comité técnico

A membresía do Comité técnico terá a seguinte composición:

- a.** O/a director/a xeral de Patrimonio Cultural que presidirá o Comité no que participarán como vogais.
- b.** Un representante da Subdirección Xeral de Conservación e Restauración de Bens Culturais, que exercerá a Secretaría do Comité.
- c.** Un representante da Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural.
- d.** Un representante da Subdirección Xeral de Bibliotecas e do Libro.
- e.** Un representante da Subdirección Xeral de Arquivos e Centros Museísticos.
- f.** Un representante da Dirección Xeral de Xuventude.
- g.** Un representante do Consello da Cultura Galega.
- h.** Un representante do Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento.
- i.** Un representante da Real Academia Galega de Belas Artes da Nosa Señora do Rosario.
- j.** Tres expertos no eido do patrimonio cultural designados pola presidencia, a proposta do propio Comité.

Nota:

Calquera membro do Comité poderá propor na reunión constituínte ou naqueloutras designadas para este fin candidaturas de vogais expertos que, no seu caso, deberán ser aprobadas por maioría do Comité constituínte. A renovación destas vogalías terá lugar cada catro (4) anos, podendo prorrogarse até un máximo total de oito (8) anos.

Funcións do Comité técnico

Corresponde ao Comité técnico o exercicio das seguintes funcións:

- a.** Elaborar e aprobar, a partir das propostas dos Grupos de traballo, o Programa anual de actuacións do Observatorio.
- b.** Elaborar e aprobar o Regulamento interno de funcionamento do propio Comité e dos Grupos de traballo.
- c.** Elaborar e aprobar, a partir dos informes feitos polos Grupos de traballo, a Memoria anual do Observatorio.
- d.** Aprobar a creación de novos Grupos de traballo para abordar estudos específicos no eido do patrimonio cultural.
- e.** Establecer directrices e aprobar os estudos, informes, liñas de actuación e asesoramento.
- c.** Calquera outra relativa á misión do Observatorio que puidera asignarlle o/a director/a xeral de Patrimonio Cultural.

Grupos de traballo

Crearanse dous grupos de traballo permanentes dedicados á área da Innovación patrimonial e á de Educación patrimonial, e, de xeito potestativo, calquera outro, temporal ou permanente, relacionado coas funcións do Observatorio. Estes últimos serán acordados polo Comité Técnico do Observatorio. O funcionamento dos grupos fixarase no Regulamento interno de funcionamento do Observatorio.

As funcións dos grupos de traballo serán executar o traballo administrativo, técnico e auditor aliñado coa misión, obxectivos e funcións do Observatorio, elaborar para o Comité Técnico informes sobre as necesidades de estudo e propor recomendacións de mellora, nominalmente, nos eidos da Innovación e a Educación patrimonial.

Se ben o desempeño dos grupos de traballo realizárase con persoal da propia Consellería, acadar a eficacia na súa xestión resulta un reto abordable dende a liña que une a cooperación coa coprodución²⁸, de modo que cada un dos grupos procurará esa cooperación cos axentes directa ou indirectamente implicados na xestión, formación, conservación, administración, investigación e divulgación do patrimonio e os bens culturais en Galicia.

Réxime de sesións

1. O Comité Técnico reunirse, ao menos unha vez ao semestre e, con carácter extraordinario, sempre que sexa acordada a convocatoria pola súa Presidencia ou a solicitude da maioría dos membros.
2. Os acordos do Comité Técnico adoptaranse por maioría dos votos dos membros asistentes.
3. A Presidencia do Comité Técnico convocarán as reunións con, polo menos, dez días de antelación e establecerán a orde do día. O prazo poderá reducirse a tres días en caso de urxencia.
4. As disposicións de aplicación particular previstas polo Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

Perfís profesionais mínimos

A meirande parte dos perfís profesionais do presente observatorio están cubertos polos profesionais da Consellería. Especificamente, a función de monitoreo da realidade patrimonial galega, a definición e elaboración dunha serie de indicadores de medida, cuestionarios e entrevistas (probablemente, semiestruturadas) cos que mediar e avaliar o estado da Educación patrimonial e o nivel de Innovación no sector, a xestión da base de datos e a elaboración do *mapping* suporía a intervención de perfís sociolóxicos, xeográficos, estatísticos e informáticos.

²⁸ Cfr. Vicario, 2010, p. 14.

Nota final

Idealmente, para reforzar os principios de mencionados no comezo do apartado e perfeccionar a gobernanza, sería relevante poder incorporar vías de financiamento privado e ampliar a participación empresarial e do terceiro sector. Quizais tamén sería positivo incorporar ao Comité técnico a responsables da Axencia Galega de Innovación (GAIN).

Realizar unha **proposta de organización interna** que garanta o **desenvolvemento de metodoloxías de traballo eficientes, innovadoras e sostibles** para acadar unha mellora nos resultados na xestión do patrimonio cultural. Especificamente, no relativo **á formación e educación patrimonial**, ao entender este aspecto como elemento vertebrador, esencial para un desenvolvemento do resto dos eidos de actuación.

En primeiro lugar, cómpre analizar as funcións asignadas ás diferentes partes involucradas na actividade institucional e científica. Así,

o Comité técnico

elabora e aproba

- Os regulamentos internos de funcionamento.
- E a memoria anual.

establece e aproba

- As directrices dos estudos, informes, liñas de actuación, asesoramento e análise.
- O programa anual de actuacións do Observatorio, incluíndo os estudos, informes, liñas de actuación e asesoramento.
- E a creación de novos Grupos de traballo.

e realiza

- Calquera outra función que puidera asignarlle o/a director/a xeral de Patrimonio Cultural.

e os Grupos de traballo

executan

- O conxunto do traballo administrativo, técnico e auditor aliñado coa misión, obxectivos e funcións do Observatorio, non asignado de xeito nominal ao Comité técnico.

establecen e desenvolven

- Un marco teórico e unha metodoloxía de traballo que inclúa os procesos, procedementos e técnicas de recollida, almacenamento, tratamento (sistemas de información xeográfico, análise espacial estatístico, etc.) e difusión da información.

elaboran

- O programa de cada grupo, incluíndo os estudos, informes, liñas de actuación e asesoramento.
- Así como, os sistemas de indicadores, a visualización científica (como a técnica do mapeo patrimonial enriquecido²⁹ proposto no informe) e os produtos finais de difusión científica e divulgación patrimonial.

e propoñen

- Un Programa de actuacións monográficas relativas ao seu grupo.
- E recomendacións de mellora, nominalmente, nos eidos da Innovación e a Educación patrimonial.

Como xa se explicou, **crearanse dous Grupos de traballo permanentes** dedicados á área da Innovación patrimonial e á de Educación patrimonial e, de xeito potestativo, calquera outro, temporal ou permanente, relacionado coas funcións do Observatorio. Estes últimos serán acordados polo Comité Técnico. O funcionamento dos Grupos fixarase no Regulamento interno de funcionamento do Observatorio. Os Grupos **contarán coa participación de persoal dos servizos de Planeamento, de Protección e Fomento, de Vixilancia e Inspección, de Arquitectura, de Arqueoloxía e de Inventario.**

Se ben o desempeño dos grupos de traballo realizárase con **persoal da propia Consellería, acadar a eficacia na súa xestión resulta un reto abordable dende a liña que une a cooperación coa coprodución**³⁰, de modo que cada un dos grupos procurará esa cooperación cos axentes que, directa ou indirectamente, estean implicados na xestión, formación, conservación, administración, investigación e divulgación do patrimonio e os bens culturais en Galicia. E **poderán contar con colaboración externa para o completo desenvolvemento das súas funcións**, entre as que cómpre incluír procesos de mellora continua da calidade, que incorporen a (auto)avaliación, a corrección e a consolidación.

Unha posibilidade de interese, ademais das encargas específicas de informes, sería **integrar nos Grupos de traballo especialistas dunha Rede de expertos** no ámbito da innovación e o patrimonio cultural dun xeito análogo ao que ten feito o Observatorio en Turismo Patrimonial Sustentable en Andalucía. Os principais criterios para realizar a selección incluírían:

²⁹ Cfr. Carrasco-Arroyo e Col-Serrano, 2013, pp. 111-3 e Ortega Nuere, 2010, pp. 77-148.

³⁰ Cfr. Vicario, 2010, p. 14.

1. Priorizar a presenza de **expertos/as, tanto do Sistema Universitario de Galicia (SUG), como doutras entidades públicas e privadas** vencelladas co patrimonio e a innovación social.
2. Non incluír no mesmo Grupo de traballo a dúas persoas pertencentes a un mesmo grupo de investigación, xa que unha das principais funcións da Rede é **conectar a investigadores/as de contextos diferentes para fomentar ecosistemas de innovación social** na xestión dun recurso endógeno como é o patrimonio, que produzan na súa fase final un cambio sistémico baseado na sustentabilidade³¹.

No caso andaluz, os perfís das candidaturas seleccionadas foron: Antropoloxía, Belas Artes, Comunicación, Didáctica das Ciencias Sociais, Documentación, Historia da Arte, Enxeñería Técnica Superior, Prehistoria e Arqueoloxía, e Turismo. No caso que nos ocupa, probablemente incluíría tamén, perfís de Pedagogía e Ciencias da Educación, Xeografía, Historia, Humanidades, Socioloxía, Matemáticas (estatística aplicada), Informática (deseño de base de datos, JavaScript, Python, SQL, HTML, CSS ou R) e mesmo Xornalismo (comunicación patrimonial). A maiores, habería que ter en conta a paridade, equilibrando o número de investigadores e investigadoras en función dos seus méritos.

Proposta metodolóxica básica

Avanzando no desenvolvemento do traballo a realizar, enténdese que para facilitar o estudo dos procesos de innovación e boas prácticas no patrimonio cultural de Galicia, un instrumento adecuado sería o establecemento dun mapa patrimonial. Especificamente, neste caso, o MAPa GAlego da Innovación Patrimonial (MAGA_IP), que debería ser accesible a través dun web específico. Observar o patrimonio é un proceso limitado espacialmente. **Mapear a innovación patrimonial e as boas prácticas desenvoltas**, particularmente no eido da Educación patrimonial, presente dende 1972 en todos os tratados internacionais de UNESCO, **é un xeito práctico e inmediato de aproximarse e contextualizar a realidade estudada**, ademais de permitir unha “visualización científica” da devandita realidade.³²

Para iso é preciso **realizar unha selección de indicadores de medida** confiables, oportunos, consistentes, comparables, públicos, relevantes, viables, consensuados e desagregables³³ que, en conxunto, permitan avaliar o carácter innovador de cada proxecto ou actuación realizada no eido do patrimonio cultural. Esta selección podería basearse esencialmente no decálogo de valores culturais: as dez “E” da nova xestión cultural³⁴. En conxunto, resulta básico **avaliar a innovación polo impacto nos ámbitos patrimonial, social e económico que cada proxecto e actuación xere**. En concreto,

³¹ Cfr. Buckland e Murillo, 2013.

³² Cfr. Haining, Wise e Signoretta, 2000. Cit. en Carrasco-Arroyo e Coll-Serrano, 2013, p. 113.

³³ Cfr. Pfenniger, 2004; IFACCA, 2005; Carrasco, 2006; Bonet, 2008. Cit. en Carrasco-Arroyo e Coll-Serrano, 2013, p. 93.

³⁴ Cfr. Torrens, 2021, pp. 88-96.

Impacto patrimonial

- No caso do **Impacto patrimonial** haberá que desenvolver indicadores que avalíen valores como a eficiencia, a eficacia, a excelencia, o seu carácter ou potencial educativo/formativo, a súa estética (deseño, singularidade e harmonía da solución), a súa estratexia (deseño cognitivo) e replicabilidade e a súa comunicación.

Impacto económico

- No caso do **Impacto económico** deberán definirse indicadores que midan a eficiencia, a eficacia, carácter emprendedor (en base á innovación creativa), a súa estratexia (deseño cognitivo) e replicabilidade, e a súa comunicación.

Impacto social

- No caso do **Impacto social** fixaranse indicadores que estimen a eficiencia, a eficacia, equidade, gobernanza e participación (inclusión social), ética (innovación aberta e xustiza distributiva) carácter emprendedor (en base á innovación creativa), a súa estratexia (deseño cognitivo) e replicabilidade, e a súa comunicación.

Cómpre sinalar que, se ben algúns dos valores sitúanse só nun eido específico (excelencia ou carácter educativo/formativo correspóndense só no eido do impacto patrimonial), moitos son compartidos. De xeito esquemático, esta proposta inicial de avaliación da Innovación por indicadores sería:

AVALIACIÓN DA INNOVACIÓN POR INDICADORES




A idea é establecer **indicadores** específicos **que permitan complementar os datos estatísticos compilados** nas diferentes estatísticas oficiais e fontes de datos indirectas (secundarias), medindo tamén aspectos subxectivos da xestión e a experiencia patrimonial a través de fontes directas (primarias). En concreto, **habrá que elaborar e realizar enquisas e formularios de diversos tipos**, ademais de empregar outras ferramentas de avaliación que permitan coñecer dun xeito pormenorizado a realidade patrimonial, empregando **técnicas de observación participativa ou entrevistas semiestructuradas**. Finalmente, **elaborarase unha matriz de avaliación** que inclúa diferentes graos de correlación entre os indicadores, e permita **concretar un método de análise**.

Polo seu interese, a modo de exemplo para orientar a elaboración de materiais, inclúense no Anexo I o cuestionario "Heritage & Social Innovation" de HESIOD e os formularios "para Bienes inscritos en la Lista Patrimonio Mundial" e "para Bienes inscritos en la Lista representativa del Patrimonio Cultural Inmaterial de la Humanidad" de ICOMOS-España.

Dado que se trata dun Observatorio con dous Grupos de traballo base, relacionados entre si, **a estrutura organizativa e epistemolóxica que os articule debe eliminar duplicidades en tarefas comúns e aproveitar as sinerxías**, para ser máis eficientes e eficaces. De feito, de abordarse estudos temáticos, a realización dos mesmos debería adoptar e empregar a metodoloxía e as ferramentas do Observatorio e a información e documentación xerada debería elaborarse de tal xeito que fose integrable tanto no Repositorio como no Mapa.

Para rematar unha esquema para a **posta en marcha e funcionamento do Observatorio**, cunha secuencia de actividades a realizar que inclúa as **fases de activación** (azul) e os **procesos iterativos** (amarelo) sería:

Ciclo para a posta en marcha e o desenvolvemento funcional do Observatorio



Liñas temáticas para a produción científica

7

Neste apartado propóñense diversas **liñas temáticas para a produción científica**, articulables en función das necesidades e intereses técnicos e operativos concretos, para pór orde e establecer prioridades na investigación e transferencia de coñecemento no curto, medio e longo prazo. A relación de temas **estímase pertinente**, polo menos, **para o seguinte quinquenio**, sendo preciso realizar entón unha revisión deste **Alcouve temático** para incorporar novas liñas.

Para concretar esta proposta:

- Realizouse unha **revisión dos casos de boas prácticas institucionais** no contexto nacional e internacional do apartado dous deste informe.
- Analizáronse as principais **pautas e propostas** presentes nas liñas forza do *Foro Patrimonio e Sociedade*, xunto coa **distribución temática** da referencial revista PH do Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico.
- E tívose en conta o **carácter eminentemente práctico** e a **finalidade consultiva non vinculante** para a Administración autonómica deste novo ente.

Como os casos de boas prácticas poden consultarse no devandito capítulo 2º, contando xa cun marco interpretativo e unhas conclusións aquelasadas, pasamos aquí a dar conta das **pautas e propostas** establecidas no traballo do Foro Patrimonio e Sociedade do CCG, o esforzo máis relevante dos realizados nos últimos anos para conectar o patrimonio coa sociedade realizado nos últimos tempos en Galicia, que, a efectos prácticos, funciona como unha guía.

Esta publicación segue unha estrutura articulada sobre as **tres mesas** do foro. Cada mesa define uns **eixes temáticos (entre catro e cinco)**. Neles delimítanse **35 ámbitos de actuación** que aglutinan cadansúa **liña/idea forza** definida polos diversos equipos de traballos. A continuación ofrécense estruturadamente as achegas realizadas nas tres mesas deste encontro que procura acometer unha análise profunda da xestión do patrimonio cultural autonómico.

PATRIMONIO, POLÍTICAS PÚBLICAS E NORMATIVA LEGAL

Eixe temático 1

DE DESTINATARIOS A ACTORES DAS POLÍTICAS PATRIMONIAIS

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 1

O enfoque participativo da xestión do patrimonio cultural

IDEA FORZA

É necesario un cambio de paradigma no goberno do patrimonio: do modelo punitivo ao coidado e **corresponsabilidade**.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 2

A corresponsabilidade social e política.

IDEA FORZA

Facilitar o **achegamento entre sociedade e patrimonio** e recoñecerlle á cidadanía maior protagonismo nas políticas e na xestión patrimonial.

Eixe temático 2

A TRANSVERSALIDADE DAS POLÍTICAS PÚBLICAS PATRIMONIAIS

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 3

O patrimonio cultural como principio inspirador das políticas públicas.

IDEA FORZA

Incorporar o patrimonio ao desenvolvemento situando os valores culturais e a súa salvagarda no centro das políticas públicas (de todas).

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 4

O patrimonio cultural na ordenación territorial e na planificación sectorial.

IDEA FORZA

Unha **ordenación territorial** como base firme das políticas sectoriais que sirva á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais no territorio.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 5

Redefinir a escala de xestión.

IDEA FORZA

O territorio como marco e escenario da xestión transversal do patrimonio cultural.

Eixe temático 3

OS INSTRUMENTOS LEGAIS

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 6

Unha regulación normativa de maior calidade

IDEA FORZA

Mellorar a **calidade normativa** da regulación, mantendo un marco xurídico do patrimonio cultural estable e coherente cos conceptos e criterios da lexislación internacional.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 7

Planificación territorial integrada na lexislación: novas estratexias para novos patrimonios.

IDEA FORZA

Unha **planificación estratéxica do territorio que integre o patrimonio cultural** e que sirva á tutela dos valores naturais, ambientais, paisaxísticos e culturais.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 8

Participación social na lexislación patrimonial.

IDEA FORZA

A **participación social no PC** a través da súa incorporación, real e efectiva, na lexislación patrimonial e nos demais instrumentos con incidencia sobre o patrimonio cultural.

Eixe temático 4

O PATRIMONIO CULTURAL DE CUSTO A RECURSO

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 9

O patrimonio cultural no desenvolvemento sostible.

IDEA FORZA

Avaliar a contribución do patrimonio ao desenvolvemento sostible –considerando tamén a súa **contribución ao desenvolvemento social e ambiental** do que se aproveita toda a sociedade galega– e procurar o beneficio das comunidades que o manteñen.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 10

O patrimonio cultural como (principal) recurso turístico.

IDEA FORZA

Promover un **turismo sostible** que xere emprego e renda no territorio onde se realiza, á vez que impulse o desenvolvemento local e protexa os recursos nos que se sustenta.

Eixe temático 5

ALTERNATIVAS DE XESTIÓN PATRIMONIAL

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 11

Elementos para un novo modelo de xestión: ferramentas, métodos, enfoques e recursos materiais e humanos.

IDEA FORZA

Unha xestión integrada e sostible do patrimonio cultural necesita **orxamentos** adecuados para os **novos métodos, enfoques e recursos** que precisa.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 12

Superar a xestión institucional do patrimonio cultural.

IDEA FORZA

Unha **xestión inclusiva e participativa** do patrimonio cultural ten que atopar un equilibrio entre a tutela institucional do patrimonio e a **participación social** e xerar **vías de cooperación** coas administracións e coas organizacións sociais.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 13

O patrimonio cultural como eixe das políticas de desenvolvemento rural.

IDEA FORZA

O **desenvolvemento rural** debe ser multifuncional e debe protexer os recursos naturais e culturais que conforman a súa base.

MESA 2

XESTIÓN PATRIMONIAL: CONSERVACIÓN, PROTECCIÓN, PROMOCIÓN E DIFUSIÓN DO PC

Eixe temático 1

O PATRIMONIO, UN CONCEPTO GLOBAL

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 14

Materialidade e inmaterialidade do patrimonio.

IDEA FORZA

Dende a perspectiva de que o patrimonio cultural é dinámico, diverso, multivocal e identitario, **a visión da inmaterialidade xoga un papel central en todos os bens culturais, incluso os materiais**. O coñecemento, protección, conservación e comprensión do patrimonio é clave para o seu uso como recurso. Para isto debemos comprender o lugar que o PC ocupa na nosa sociedade –do pasado, do presente e do futuro– sen deturpar os seus valores.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 15

A paisaxe como patrimonio: unha versión dende a historia.

IDEA FORZA

A **paisaxe** é unha realidade na que se conxugan os feitos xeográficos, biofísicos e humanos, ademais dos perceptivos e subxectivos. Mesturados, conforman o seu valor patrimonial. A conservación da paisaxe ten que ser compatible co **aproveitamento económico** dos recursos variados, pero tamén co respecto a eses **valores ambientais e culturais**.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 16

A paisaxe como parte do patrimonio e a cultura.

IDEA FORZA

Nun territorio como Galicia, a diversidade das paisaxes está condicionada pola diversidade de elementos que entran en xogo, pero intimamente vencellada á actividade humana. Por iso, incluso naquelas paisaxes que parecen marcadas polo natural, o factor humano está presente. Por tanto, **falar en Galicia de paisaxe é falar de paisaxe cultural**. Para comprendela como patrimonio e **protexela**, é necesario **comprender os elementos que forman parte de cada paisaxe**. Deste xeito, poderemos **tipificalas**.

Eixe temático 2

INSTRUMENTOS DE PROTECCIÓN E XESTIÓN DAS PAISAXES URBANAS E RURAIS HISTÓRICAS

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 17

A protección do patrimonio no centro das paisaxes urbanas históricas.

IDEA FORZA

Os **conxuntos urbanos** son un patrimonio diverso que debe **incorporar a figura de paisaxe histórica urbana**. Para a súa xestión, debemos entender que se trata de elementos vivos nos que o compoñente residencial e o tecido social xogan un papel determinante. Neste sentido, o xeito en que se intervén na cidade histórica debe permitir definir e asegurar os seus elementos vertebradores coa estrutura xeral urbana.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 18

Instrumentos territoriais na protección e xestión do patrimonio cultural.

IDEA FORZA

Os **elementos patrimoniais** non poden considerarse como elementos illados, senón que deben entenderse como **integrados nun contexto ou territorio**. Así, considérase que a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir **novos elementos de xestión** do patrimonio dende a **planificación**, dende a **coordinación** entre administracións e dende a **aplicación de técnicas cartográficas que poñan de relevo a dimensión territorial** de certos bens.

Eixe temático 3

ADMINISTRACIÓN E XESTIÓN DO PATRIMONIO

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 19

Evolución dos criterios de xestión patrimonial e posibilidades da súa adopción.

IDEA FORZA

Os elementos patrimoniais non poden considerarse como elementos illados, senón que deben entenderse como integrados nun contexto ou territorio. Así, considérase que a dimensión territorial dos bens patrimoniais debería servir para introducir novos elementos de xestión do patrimonio dende a planificación, dende a coordinación entre administracións e dende a aplicación de técnicas cartográficas que poñan de relevo a dimensión territorial de certos bens.³⁵

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 20

Situación xurídica e administrativa do patrimonio de Galicia.

IDEA FORZA

A lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galicia outorga un réxime de protección aos bens declarados de interese cultural e a aqueles incluídos no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia. O actual número de BIC pode non reflectir a imaxe que, polo seu peso territorial e histórico, ten Galicia no Estado Español. Pode tamén non ser suficientemente representativa da realidade patrimonial e incluso non ser coñecida en profundidade pola sociedade galega.

Por isto, é necesario promover un debate amplo sobre o **modelo do patrimonio cultural galego** que se quere desenvolver. Cómpre **fomentar o coñecemento** dos bens declarados BIC e catalogados. Ademais, é preciso promover, con carácter crítico e suficientemente consensuado, as declaracións e catalogacións de bens culturais, que deberán ser utilizadas para **mellorar a estruturación das comarcas e territorios de Galicia**, empregando o patrimonio cultural como un motor e recurso activo para o desenvolvemento.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 21

A potencialidade dos plans nacionais para a xestión do patrimonio.

IDEA FORZA

Os plans nacionais son os instrumentos de xestión máis completos que existen en España. Posibilitan o traballo coordinado entre administracións e integran neles entidades públicas e persoais que abren a posibilidade da participación de todos os axentes sociais nesta xestión. Considérase que poderían tomarse **como modelo para a xestión integral do patrimonio cultural galego**, liderado pola administración autonómica coa participación de todos os axentes implicados na mesma.

³⁵ A publicación a idea forza anterior.

Eixe temático 4

XESTIÓN DO PATRIMONIO E SOCIEDADE

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 22

As demandas do público sobre o patrimonio: unha visión dende o valedor do pobo.

IDEA FORZA

A Valedora do Pobo realiza un traballo de supervisión da actividade administrativa no que atinxe ás súas competencias na protección do patrimonio cultural a partir das demandas e percepción que a cidadanía ten da mesma. Esta institución é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos comprendidos no Título I da Constitución e o exercicio das demais funcións que a súa lei reguladora lle atribúe. Con este fin, supervisa a actividade da administración autonómica e dos seus entes e empresas públicas ou dependentes, exercendo as funcións que lle encomendan o Estatuto de Autonomía e a súa lei reguladora. Esta supervisión permite establecer cales son **as demandas da cidadanía** en materia de patrimonio e a **percepción que esta ten da actividade administrativa**, aspecto clave no **desenvolvemento dunha xestión patrimonial participativa** e dun plan autonómico patrimonial integrador.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 23

Novos pasos para unha xestión pública e integrada do patrimonio.

IDEA FORZA

Cumprir cunha **xestión cultural innovadora, comprometida cos novos retos dunha sociedade dixitalizada**, é un importante factor de desenvolvemento económico integral e sostible. Permite a renovación e a creación de **novas actividades económicas**, potencia o **emprendemento**, o acceso ao **emprego** e a inserción, constitúe un importante factor de atracción dos territorios e favorece o **desenvolvemento turístico**.

PATRIMONIO, EDUCACIÓN, FORMACIÓN E CIDADANÍA

Eixe temático 1

O PATRIMONIO COMO MEDIO DE SOCIALIZACIÓN

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 24

Valores, concepto e dimensións do patrimonio na sociedade actual.

IDEA FORZA

O patrimonio cultural é un campo social onde conflúen dimensións valorativas diversas e no que poden ter lugar conflitos, un campo que muda constantemente onde **os axentes sociais actúan, transforman a realidade e son transformados por ela**. É, polo tanto, un campo axeitado para a **formación e a educación en valores**, no que teñen que actuar as **disciplinas científicas** específicas do patrimonio cultural e tamén aquelas relativas á **socialización e á comunicación social**, involucrando á cidadanía e permitido que esta poida guiar e facer agromar os **procesos de patrimonialización**.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 25

O patrimonio como produto cultural.

IDEA FORZA

A creación dunha **consciencia patrimonial** que permita visualizar **o produto cultural como un instrumento mediador** dentro do proceso de comprensión/apreciación do patrimonio e non como unha finalidade en si mesmo.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 26

Avaliación social da xestión patrimonial.

IDEA FORZA

Identificar a percepción que a sociedade ten da xestión patrimonial que as institucións veñen desenvolvendo en Galicia e avaliar o papel que estas consideran que xogan na mesma, así como o seu aliñamento cos obxectivos da Axenda 2030 en materia de patrimonio cultural.

Eixe temático 2

EDUCACIÓN E APRENDIZAXE AO LONGO DA VIDA

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 27

A educación patrimonial no ensino regrado xeralista non universitario.

IDEA FORZA

Recoñecer e **reforzar o impacto positivo da educación patrimonial** a través do **ensino regrado non universitario** no alumnado, a sociedade e o patrimonio.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 28

Formación.

IDEA FORZA

Recoñecer a necesidade de **desenvolver programas de formación continuada en Patrimonio** que contemplan contidos, materiais, metodoloxías e recursos adecuados para cada unha das etapas da formación ao longo da vida, creando oportunidades de aprendizaxe de adultos, fortalecendo a formación de formadores e garantindo tanto a adquisición de coñecemento e valores vinculados ao patrimonio, coma de competencias e habilidades na transmisión destes.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 29

A profesionalización no quefacer cultural en Galicia: realidade e desafíos.

IDEA FORZA

Recoñecer e desenvolver, nas súas múltiples identidades e responsabilidades, o **potencial cívico inherente á profesionalización do ámbito sociocultural**, poñendo a énfase nos dereitos e deberes da cidadanía, así como nos das culturas e nos da democracia cultural.

Eixe temático 3

SOCIEDADE, CIDADANÍA E DEREITOS CULTURAIS

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 30

Gobernanza e participación.

IDEA FORZA

A **participación efectiva e proactiva da sociedade** é imprescindible para unha nova xestión dos bens culturais, para a súa comprensión como legado común e para a súa emerxencia como referentes de futuro.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 31

Asociacionismo.

IDEA FORZA

Necesidade de recoñecer o papel do asociacionismo na defensa do patrimonio cultural, tanto a nivel autonómico como local, e a **importancia da incorporación do asociacionismo** nos procesos de toma de decisión, é dicir, **na gobernanza participativa do patrimonio cultural**.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 32

Redes.

IDEA FORZA

Poñer en valor o **traballo en rede** como un método probado para a consecución de obxectivos e metas comúns, en especial en todos os aspectos que teñen que ver coas **novas tecnoloxías da información e comunicación**, cos contidos dixitais de calidade ou coa súa **función educativa e divulgativa**.

Eixe temático 4

COMUNICACIÓN, TRANSFERENCIA E INNOVACIÓN

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 33

O papel das TIC (recurso, medio, mensaxe).

IDEA FORZA

Analizar o papel das tecnoloxías da información na xestión patrimonial, do presente e do futuro, revisando os usos que se lles está dando e evitando poñer o patrimonio cultural ao servizo das mesmas, senón tendo como obxectivo **o seu uso como ferramenta para a investigación, conservación e socialización do mesmo**.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 34

Cultura de transferencia de coñecemento e innovación.

IDEA FORZA

A **educación patrimonial como forma de transferencia de coñecemento en clave simbólico-identitaria promove un cambio social**. Este terá repercusións a medio-longo prazo mediante a posta en práctica de procesos de identificación e sensibilización co patrimonio local que estimulen a participación na conservación do PC.

ÁMBITO DE ACTUACIÓN 35

Comunicación patrimonial.

IDEA FORZA

A incorporación estrutural da educación patrimonial no ensino e a necesidade da creación dun plan específico de educación e patrimonio e **dun observatorio galego do patrimonio**.

Pola súa banda, a **Revista PH do IAPH** amosa a seguinte distribución por temas e seccións:

- Á **Sección I**, é dicir, ao **concepto de Patrimonio Cultural, os adxectivos que a acompañan e a lexislación que lle é propia**, dedícaselle un 7% dos estudos e publicacións.
- Á **Sección II**, sobre **a natureza da xestión e as súas especialidades**, destaca a presentación de bases de datos, catálogos, tesauros, sistemas informáticos de documentación, a súa normalización, cartografía, etc., correspóndelle un 12,5%.
- Á **Sección III**, sobre os **tipos de Patrimonio Cultural** por categorías: **arquitectónico, arqueolóxico, documental e bibliográfico, etnolóxico, inmaterial e industrial**, un 31,7%.
- Á **Sección IV**, sobre as **institucións (museos, bibliotecas e arquivos)**, un 11,4%.
- E á **Sección V**, sobre as **relacións entre a sociedade e o Patrimonio Cultural, particularmente turismo e temas afíns**, un 6,1%.

Entre os temas non encadrados nas seccións pero que tamén aparecen están o Patrimonio natural e un tratamento moi desenvolvido do **Patrimonio histórico dende o punto de vista rexional e paisaxístico, incluíndo os itinerarios culturais e as redes**.

liñas temáticas transversais

En resumo, estimados e avaliados todos os aspectos anteriores, as **liñas temáticas transversais** deberían centrarse:

- Na **innovación técnica e social na xestión, salvagarda e activación do Patrimonio Cultural de Galicia**.
- No establecemento de **estratexias e liñas de acción na Educación patrimonial nos eidos formal, non formal e informal: investigación, innovación didáctica, formación de educadores/formadores e difusión**.

A maiores, **anualmente fixaríase un ou varios temas de estudo monográfico** sobre a xestión e o estado do patrimonio, que permitan coñecer e poder actuar sobre este legado. Estas liñas temáticas serán en todo caso complementarias ao estudo e diagnose permanente dos eidos da innovación e a formación patrimonial. Metodoloxicamente, a partir do estudo dos datos debe realizarse un **diagnóstico** e, de xeito potestativo, **propostas ou recomendacións** ao respecto, á fin de incidir no patrimonio analizado.

Tendo en conta os valores, casuística e circunstancias particulares do Patrimonio Cultural de Galicia, cunha ollada prospectiva, no medio e longo prazo, propónse o seguinte **Alcouve temático**, que inclúe un repositorio con doce potenciais **estudos monográficos** a realizar no quinquenio 2024-29:

Alcouve de liñas temáticas (2024-29)

- Xestión patrimonial participativa e desenvolvemento territorial e local: a comunicación como base de mellora dos procesos de xestión.
- Patrimonio acuático e hídrico: a cultura da auga en Galicia.
- O patrimonio cultural como recurso simbólico: a identidade cultural nun mundo global.
- Promoción e posta en valor do patrimonio, turismo cultural sostible e rexenerativo e desenvolvemento rural.
- Dixitalización do patrimonio e patrimonio dixital.
- Patrimonio cultural e economías de aglomeración: tecnoloxía, talento e tolerancia.
- As rutas e itinerarios culturais de Galicia.
- As paisaxes culturais de Galicia: comprensión, tipificación e protección.
- O patrimonio cultural inmaterial de Galicia: saberes artesanais.
